

## A posición do verbo finito no galego medieval: V1, V2 e V≥3<sup>1</sup>

ALEXANDRE RODRÍGUEZ GUERRA

*Universidade de Vigo*

xandre@uvigo.gal

ORCID-iD: <https://orcid.org/0000-0002-2022-8243>

### RESUMO

O principal obxectivo desta investigación é comprobar cal adoita ser a distribución da posición absoluta do verbo na oración galega medieval. A partir dun corpus con textos varios dos séculos XIII-XV, estúdanse tres posicións básicas do verbo: V1 (posición inicial), V2 (posición segunda) e V≥3 (posición terceira ou sucesivas). Empregando a metodoloxía máis habitual neste tipo de traballos, verifícase, en xeral, unha maior presenza global de V1, mais vanse estudando en detalle, con datos precisos e abundante exemplificación, diferentes especificidades coma os tipos textuais, esquemas sintácticos, peculiaridades verbais, tipoloxías oracionais etc. Unha vez revisados os datos obtidos e confrontados con distintos argumentos empregados na literatura, dedúcese que non hai probas concluíntes para sustentar que o galego medieval fose, nin linear nin estruturalmente, unha lingua V2 como o é, por exemplo, o alemán actual.

**PALABRAS CHAVE:** Corpus lingüísticos; galego medieval; sintaxe; posición do verbo; V2

## Position of Finite Verb in Medieval Galician: V1, V2 and V≥3

### ABSTRACT

The main objective of this paper is to check the distribution of the absolute position of the verb in the medieval Galician clauses. Based on a varying corpus between the 13th-15th centuries, three basic positions of the verb have been studied: V1 (verb-initial), V2 (verb-second) and V≥3 (verb-third, verb-fourth, etc.). We use the most common method in this field and found that the preferred order, in general, is V1. With precise data and abundant exemplification, we analyze in detail different specificities such as textual types, syntactic schemes, verbal peculiarities, sentence typologies, etc. After reviewing the information provided and the different arguments used in the literature, we conclude that there is no undisputed evidence to support that medieval Galician was a V2 language —linearly or structurally— similar, for example, to modern German.

**KEY WORDS:** Language Corpora; Medieval Galician; Syntax; Verb Order; V2

---

<sup>1</sup> Como coordinador do grupo TALG (Tecnoloxías e Aplicacións da Lingua Galega) da Universidade de Vigo, desenvolvín esta investigación dentro do proxecto de investigación PID2020-113491GB-I00, financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Agradézolle a Eduardo Moscoso Mato a súa axuda, xenerosa e inestimable a partes iguais.

*Sirva este traballo de pequena homenaxe a Antón Rifón,  
tan extraordinario morfolóxico, profesor e colega,  
coma excepcional persoa, sempre.*

## 1. INTRODUCCIÓN

Diferentes estudos analizaron as linguas románicas na súa diacronía para comprobar se evidenciaban un comportamento de V2 na orde dos seus constituíntes oracionais, isto é, que fose o verbo (V) o que ocupase prototipicamente o espazo de segundo constituínte, de xeito máis ou menos paralelo ó que acontece nunha lingua coma o alemán actual (*cf.* co resumo de Elvira 2015: 27-29). Entre outros están Ribeiro (1995), Martins (2014 e 2019) ou Medeiros (2015) para o portugués medieval, a monografía de López Izquierdo e Castillo Lluch (2015a) para —esencialmente— o castelán medieval e, dende unha perspectiva catalá e panrománica, Batllori (2015) ou Sitaridou (2012). Pero aínda non contamos cun estudo específico para o caso galego (*cf.* BILEGA), malia que si existe, p. Ex., a publicación de Ledgeway sobre un texto latinovulgar galaico (2017: 168) tan importante coma o *Itinerarium Egeriae*.

A partir do estudo específico dun corpus do galego medieval e dende a perspectiva da orde de constituíntes pretendemos deitar luz sobre o comportamento do verbo no interior da unidade oracional conformada por el e as súas preferencias posicionais: V1, V2 ou V $\geq$ 3. Certamente, á vista da bibliografía de distintos romances nas súas fases antigas ou medievais, o enfoque maioritariamente adoptado pivota ó redor da posición V2, tentando verificar ata que punto lles sería aplicable, ou non, a situación descrita para algunhas linguas xermánicas actuais coma a alemá.

Para o francés antigo, nun traballo ben coñecido, Bauer sostivo que «Since the first position of the clause was occupied either by the subject —most commonly— or by an adverbial phrase or direct object, Old French can be considered a V2 language» (1995: 112). Na *GGHF* confírmase que «la position la plus fréquente est incontestablement V2», xa que «elle représente dans tous les textes, et tous types de proposition confondus, un taux d'emploi équivalant aux 2/3 environ des verbes» (2020: 1.175). Mais, fronte ás especificidades de linguas V2 coma o alemán, o francés antigo «révèle des différences importantes»: por unha banda, V1 documéntase «dans un nombre non négligeable de cas» (entre o 10% e o 20%) e, por outra, «un nombre encore plus élevé d'énoncés ont le verbe en 3e position : entre 15% et 25%» (*GGHF* 2020: 1.174). En consecuencia, e alén dalgún outro argumento, estes datos «sont difficiles à concilier avec une hypothèse V2» (*GGHF* 2020: 1.174).

Verbo da orde V2 na sintaxe das linguas da Italia medieval Benincà (2004) reflexiona que «The V2 syntax of Italian Romance appears less rigid than in other Romance languages: V1, V3, V4 is very common in all the languages of medieval Italy» (2004: 275). Para o sardo antigo, Wolfe (2014) ou Mensching e Remberger (2017: 368-369), propoñen unha orde básica de constituíntes VS/VSO, isto é, V1.

Nun traballo xa clásico da lingüística histórica castelá<sup>2</sup>, Fontana defendeu: «I have shown that OSp [Old Spanish] is a language characterized by V2 effects both in main and

---

<sup>2</sup> En López Izquierdo e Castillo Lluch (2015b: 8-10) ofrécese un resumo sobre a interpretación ou non do castelán antigo como unha lingua V2.

subordinate clauses», isto é, o castelán antigo posúe unha «symmetric V2 syntax»<sup>3</sup>, (1993: 131). Comparten, no esencial, unha visión similar Rodríguez Molina «el iberorromance medieval era una lengua V2 de tipo simétrico» (2010: 1.271) ou Pinto «En términos generales, se puede concluir que el español antiguo sí era una lengua V2» (2015: 77). Para Wolfe, «With V2 effects in matrix clauses clearly established» (2015: 143), no castelán medieval «There is a clear and significant asymmetry between matrix and complement clauses which sits uncomfortably with a symmetrical V2 analysis» (2015: 144). Mais, por outra banda, hai autores como Elvira para quen, segundo as evidencias actuais, «el fenómeno del V2 no debe verse como una caracterización tipológica global que pueda aplicarse al español antiguo» (2015: 31), isto é, «Los datos del castellano medieval no confirman de ninguna manera que el castellano medieval sea una lengua V2 en el sentido estricto en que lo son hoy algunas lenguas germánicas» (Elvira 2015: 43). De igual modo que Castillo Lluch, para condicionais e relativas dos foros casteláns do s. XIII, conclúe que «en la gramática de los textos estudiados parece no regir un funcionamiento V2 (los contraejemplos son demasiado numerosos)» (2015: 310). Tamén a propósito do castelán antigo, Octavio de Toledo y Huerta afirma que «La correlación entre la existencia de los FCA [futuros ou condicionais analíticos] y una sintaxis medieval y protoclásica con amplio uso de la configuración V1 se antoja clara» (2015: 209).

Ó portugués arcaico Ribeiro referiuse como «um sistema V2» (1995: 271) ou «sistemas V2 não-rígidos» (1995: 184), pois «Dois tipos de construção distinguem o PA dos sistemas V2 germânicos modernos: as construções declarativas V1 e V>2»<sup>4</sup> (1995: 271). Mais Ribeiro recoñece que «Construções com verbo em posição inicial é a ordem mais freqüente nos nossos dados» (1995: 271). Medeiros recapitula que o portugués, en «fases anteriores» «apresentou a possibilidade de ordens V1, V2 e V3, sendo que as ocorrências de V2 não parecem ser suficientes para definir, pelo menos o português arcaico, como uma língua que apresenta uma sintaxe nos moldes germânicos» (2015: 119).

Sitaridou revisou a situación das fases antigas de francés, castelán, occitano e portugués e, despois de analizar os datos cuantitativos, recapitulou que existe un nido contraste entre o francés e as outras tres linguas xa que «With regards to the latter, on purely quantitative grounds, it seems improbable that they have structural V2» (2012: 578), recoñece que nelas tres se detecta unha elevada presenza de V1<sup>5</sup>, que ó mellor se podería explicar polo «phenomenon of narrative inversion (given the narrative genre of some of the texts under study)» (2012: 578). A investigadora resumiu que «Based on the discussion so far, it has been claimed that the word order in Old Romance (with the possible exception of Old French) is not of the V2 type» (Sitaridou 2012: 593) e, máis adiante, concluíu que «it is unsustainable to label all Old Romance languages collectively as V2 languages» e propuxo

<sup>3</sup> Nun contexto de V2 enténdese por *simétrica* a lingua en que «el orden de la subordinada no es sustancialmente diferente al de la principal» (López Izquierdo e Castillo Lluch 2015b: 9). En consecuencia, *asimétrica* implica que a orde en subordinadas e principais é diferente.

<sup>4</sup> Declarativas V1 son as «que se realizan com a ordem V X, sem sujeito foneticamente realizado» (Ribeiro 1995: 166).

<sup>5</sup> Concretamente, 15% en portugués, 12,5% en occitano e 20,3% en castelán; así como tamén presentan valores relativamente altos de V3: 34,8, 23% e 10,8%, respectivamente (Sitaridou 2012: 578). Os valores de V2 son, para esas linguas, 50,2%, 65% e 68%, mentres que o francés antigo segundo os seus datos posúe un 80,6% (Sitaridou 2012: 578). Pinto (2011: 142) para o castelán entre os séculos XII e XV detectou uns valores xerais de V1 de 44,77%, 55,88%, 51,61% e 47,89%, respectivamente.

para o francés antigo un tipo *structural V2* e *linear V2* para castelán, occitano e portugués antigos (Sitaridou 2012: 598).

Para o galego, Monteagudo, despois de comparar algúns exemplos procedentes do *Foral do Burgo de Caldelas* co texto latino orixinal, refírese, sen profundar, á «tendencia do galego [...] a desprazar o verbo da posición final da cláusula cara ao interior desta (en concreto, cara á posición segunda dos constituíntes: o tipo V2)» (2008: 538). Mais o certo é que o galego medieval, contrariamente ó visto para outras linguas románicas, aínda non dispón dun estudo detallado que posibilite avaliar a súa posible caracterización como V2.

Neste sentido, cómpre destacar que en moitas destas investigacións se distingue entre a análise linear dos exemplos, isto é, o tratamento global dos resultados (V1, V2, V $\geq$ 3) a partir do estudo de casos concretos, e as características estruturais dos sistemas lingüísticos que se interpretan como operativos nas diferentes épocas. Alén de traballos coma os de Fontana 1993, Ribeiro 1995, Sitaridou 2012 ou Wolfe 2015 para as linguas románicas, ou o xa clásico de Vikner 1995 para as xermánicas, entre outros, en Pinto (2011: 142) obsérvase que as porcentaxes globais de V1, V2 e V $>$ 2 non sufriron grandes alteracións cuantitativas ó longo das dúas etapas históricas do castelán consideradas (séculos XII-XV e XIX-XX) (*cfr. infra*), mais para o autor si que se detectan comportamentos estruturais e cualitativos (tamén «gramáticas») diferentes (Pinto 2011: 156). Martins parte dunhas consideracións formais análogas, que relativizan o plano estritamente cuantitativo («Although no quantitative analysis was undertaken, the frequency of the proper non-V2 root clauses in texts is possibly low»), mais inverte a conclusión pois «The frequency issue does not affect the gist of the argument, though, which is that a V2 grammar does not derive structures that unmistakably violate V2» (2019: 21).

O corpus en que se basea esta investigación está constituído por un total de 7.980 oracións seleccionadas aleatoriamente (co verbo flexionado —os exemplos con verbo non finito merecen un estudo específico, ó igual ca os clíticos— e modalidade enunciativa) procedentes de textos galegos, en poesía ou en prosa, dos séculos XIII (29,8%), XIV (45,9%) e XV (24,1%)<sup>6</sup>. O peso específico de cada tipoloxía textual é o seguinte<sup>7</sup>: prosa histórica (PH) 18,6%, prosa literaria (PL) 21%, verso (VR) 23,5%, prosa técnica (PT) 1,4%, prosa relixiosa (PR) 16,8% e prosa notarial (PN) 18,7%. Mercé á información fornecida por Moscoso Mato (1997: 314-348) sobre a proporción estimada de verbos nas obras galegas medievais revisadas e aplicando a fórmula estándar, os exemplos analizados no noso corpus (do cálculo exclúese PN) posúen globalmente, cun nivel de confianza do 99% e unha desviación estándar de 0,5, unha marxe de erro do 1,46%.

Os principais criterios metodolóxicos que empregamos nesta investigación, que estuda a posición absoluta do verbo galego medieval dentro da súa unidade oracional, son os seguintes:

—Soamente se tiveron en conta unidades oracionais con verbo finito ou flexionado<sup>8</sup>.

<sup>6</sup> O 1,7% dos exemplos de textos notariais son de inicios do s. XVI e incorpóranse a efectos estatísticos cos exemplos do s. XV. Así mesmo, un 0,2% das ocorrencias non presenta data.

<sup>7</sup> As obras que se inclúen en cada subconxunto, agás na PN, son (*cfr. co CiGPA* para o desenvolvemento das abreviaturas): TC e XH (na PH); CT, HT, LT e LPr (na PL); CSM e LP (no VR); AT e TA (na PT); CI e MS (na PR).

<sup>8</sup> Excluíronse da investigación as primeiras e terceiras persoas do singular do infinitivo flexionado e mais do futuro de subxuntivo dos verbos regulares.

—Inclúense todos os tipos oracionais, tamén os esquemas coordinativos (neles non se recuperan as funcións non realizadas), sempre en modalidade enunciativa (as interrogativas e imperativas merecen un estudo independente)<sup>9</sup>.

—Excluíronse do cómputo como constituíntes oracionais os nexos conxuntivos<sup>10</sup>, as preposicións, os marcadores discursivos<sup>11</sup> e os vocativos<sup>12</sup>; non se tiveron en conta os pronomes persoais átonos<sup>13</sup>; tampouco se contabilizaron nin os relativos<sup>14</sup>, nin a negación *non*<sup>15</sup>, (*cf.* Ribeiro 1995: 73, n. 4 ou Fiéis 2003: 308) aínda que, no noso caso, darémoslle un trato independente a esta última (*vid.* §4.) para enxergar a súa repercusión na posición de V no interior das unidades oracionais<sup>16</sup>.

<sup>9</sup> Salvo as modalidades xa comentadas, optamos por non excluír da nosa análise ningún tipo oracional (*vid.* §2.4.). Sitaridou, p. ex., descartou «relative clauses, imperatives, direct and indirect questions and coordinated matrix and embedded clauses with an empty coreferent subject» (2012: 560-561). Por veces advértense certas inconsistencias, p. ex., en Pinto, despois de indicar que se analizan «orações em que havia, pelo menos, um elemento na oração além do verbo», sinálase que se descartaron oracións como «dijo que...» (2011: 86), isto é, oracións biargumentais con CD posverbal (completiva conxuntiva) e SU implícito, mais si se incluíron «orações que continham clíticos devido ao fato de que poderiam ser proclíticos ou enclíticos» (2011: 86-87), aínda que un caso como «y se fue» (2011: 86) tamén foi descartado.

<sup>10</sup> Xustifica Ribeiro que «Os conectivos de coordenação e subordinação não são computados por serem simplesmente elementos introdutórios ou de conexão entre sentenças» (1995: 73, n. 4). Na *GGHF* distínguese entre a «position V1 stricte» e a posición denominada «ET-V1», isto é, aqueles casos en que diante do verbo vai algún dos «coordonnants», só «*et, ne/ni, ou*» ata o s. XVI, século en que se engade «*mais*» (2020: 1.174). Alén diso, «les coordonnants sont, avec les subordonnants, les seuls éléments que l'on analyse comme supra-propositionnels»; fronte a «adverbes» ou «connecteurs» que «sont pour la plupart à analyser comme éléments internes à la proposition» (2020: 1.174).

<sup>11</sup> Nomeadamente, trátase de *e/et/t* como marcador discursivo (así actúan, p. ex., Ribeiro 1995, Elvira 2015, Pinto 2011 e 2015 ou Sitaridou 2012 —que excluíu as «coordinated matrix» porque «either there is no coreference and/or the conjunction functions as a punctuation mark» 2012: 561, n. 10—). Na *GGHF*, que tamén o inclúe entre os «éléments [...] supra-propositionnels», con V1 «la position V1 stricte est distinguée de ET-V1» (2020: 1.174).

<sup>12</sup> *Cfr.* Elvira 2015: 33 ou Ribeiro 1995: 209; tamén, p. ex., Álvarez e Xove 2002: 118-119 para o galego moderno.

<sup>13</sup> En todos os traballos consultados existe unanimidade con eles e exclúense sistematicamente.

<sup>14</sup> Mentres que en investigacións coma as de Fontana (1993: 72-73), Ribeiro (1995: 78-79), Benincà (2004: 281), Castillo Lluch (2015: 301-302) ou Pinto (2011: 92-94 e 2015: 61-62) non se contabilizan os pronomes relativos no interior das unidades predicativas que introducen (e un exemplo do francés antigo como *li chevalier qui [a la guerre] devoient aler* [Benincà 2004: 281] interprétase como V2), na *GGHF* (2020: 1.175) as subordinadas relativas «ne peuvent avoir le verbe en première position» porque «le pronom relatif, ayant une fonction dans la proposition qu'il introduit, occupe la position initiale» (*vid.* §2.4.3.).

<sup>15</sup> Benincà 2004, a propósito da orde V2 no francés antigo, tampouco ten en conta a negación «clitics and negation are not to be taken into account in this respect» (2004: 262); Sitaridou (2012: 570) tampouco a contabiliza ó igual ca Pinto (2015: 63); Pinto (2011: 89, n. 24) resúmeo así: «orações com ordem conector-(clítico(-negação))verbo, são entendidas como orações V1». Fontana (1993: 146-151) dedícalles unha epígrafe específica ós clíticos e á negación (*vid.* §4.). Ledgeway (2017: 166) si inclúe a negación entre os exemplos latinos en que «Latin verb-fronting is often syntactically motivated», mais cun status especial (2017: 166, n. 9).

<sup>16</sup> Nos casos en que a forma auxiliada dunha perífrase verbal ou dun tempo composto preceda a forma auxiliar, contabilizaremos a forma non finita como un constituínte máis anteposto a V (*cf.* Fontana 1993: 65-66, tamén 75-84, que fornece exemplos co verbo non finito ocupando a posición 1 con V2), *vid.* §2.3.3.

Certamente, fronte a traballos coma Rodríguez Guerra (2004), en que se analizou a ordenación relativa dos constituíntes oracionais argumentais, nesta ocasión atenderemos tamén ós non argumentais. As diferentes funcións sintácticas oracionais consideradas son as seguintes (*vid.* Rodríguez Guerra 2018: 187-188): suxeito (SU), complemento directo (CD), complemento indirecto (CI), complemento oblicuo (CO), complemento predicativo — do SU/CD— (CP —CPS/CPD—), complemento circunstancial (CC), alén de V para o verbo na súa función de predicado.

## 2. A POSICIÓN DE V NO GALEGO MEDIEVAL

A distribución de V nos 7.980 exemplos con verbo finito e modalidade enunciativa do noso corpus (ós que se lles aplicaron os criterios metodolóxicos sinalados en §1.) é a seguinte<sup>17</sup>:

- V1: Esta posición de V é a maioritaria co 57,5% das ocorrencias, como exemplifican *chorou* e *fezo* en (1a) ou a subordinada de relativo con *ten* en (1b).
- V2: O verbo ocupa o segundo lugar oracional nun terzo dos exemplos co 33,8%, como reflicten *vi* e *levou* en (1c).
- V≥3: Sendo menos produtivos, os exemplos en que V se afasta aínda máis do inicio oracional posúen certa relevancia co 8,7%. Ocupan a terceira posición, V3, como *finou* en (1d), a cuarta, V4, como *manno* en (1e), ou outras.

- (1) a. Et [chorou]<sub>V1</sub><sup>18</sup> moyto et [fezo]<sub>V1</sub> grã doo (CT 228-229)  
 b. dinheiros velhos, que [ten]<sub>V1</sub> nas olas (LP 10,1)  
 c. [Eu]<sub>SU</sub> o [vi]<sub>V2</sub> ben quando | [un judeu]<sub>SU</sub> o [levou]<sub>V2</sub> sigo (CSM 006)  
 d. Et [despois]<sub>CC</sub> [o santo obispo Sisinando]<sub>SU</sub> se [finou]<sub>V3</sub> enna era denovecentos et cincoenta et oito (CI 62-63)  
 e. Com'[eu]<sub>SU</sub> [senneira]<sub>CPS</sub> [en Vigo]<sub>CO</sub> [manno]<sub>V4</sub> (LP 91,1)

A propósito de V≥3, cómpre salientar que a maioría das súas opcións construtivas son casos de V3, que suman máis das catro quintas partes dos valores acumulados deste grupo. Os casos de V4 son moito menos produtivos con pouco máis do 15% deste subconxunto, os de V5 (2a) aínda son moito máis escasos e de V6 só rexistramos dúas ocorrencias (2b). Seis de cada dez exemplos de V≥4 concéntranse no VR (CSM e LP), o que é altamente significativo pois, como se indicou, a proporción no corpus de exemplos procedentes do VR representa algo menos da cuarta parte do total<sup>19</sup>.

<sup>17</sup> Os datos que calculamos para o portugués arcaico a partir do estudo de Ribeiro (1995: 150) son: V1 50,4%, V2 41,8% e V3 7,8%. Aínda que con porcentaxes diferentes, existe coincidencia na ordenación dos tipos máis e menos rendibles. Verbo do portugués arcaico, Fiéis confirma que o estudo do corpus «permite-nos concluir com alguma segurança que o PA era essencialmente uma língua V1» (2003: 324). Os datos medios calculados por nós a partir das porcentaxes de Pinto (2011: 142) para o castelán medieval dos séculos XII ó XV son: V1 50,04%, V2 41,99% e V>2 7,73%.

<sup>18</sup> Para facilitar a identificación dos constituíntes que preceden o verbo, e tamén o propio V, representámoslos entre parénteses rectas «[ ]». Á dereita de cada constituínte en subíndice representamos tanto as funcións sintácticas consideradas coma a orde en que se atopa V.

<sup>19</sup> No noso corpus do galego medieval non pode faltar o verso, aínda que somos conscientes de que a produción poética posúe, ou pode posuír, peculiaridades que desaconsellan un tratamento sistemático en

- (2) a. ca [tal rogo]<sub>CD</sub> [sempr']<sub>CC</sub> [ela]<sub>SU</sub> [ben]<sub>CC</sub> [oyu]<sub>V5</sub> (CSM prólogo B)  
 b. e, amigas, [con grand' amor que lh' ei,]<sub>CC</sub> | [quand' el veer,]<sub>CC</sub> [ja]<sub>CC</sub> [eu]<sub>SU</sub>  
 [morta]<sub>CPS</sub> [serei]<sub>V6</sub> (LP 63,30)

## 2.1. Posición de V e cronoloxía

A lectura dos datos dende a perspectiva cronolóxica pon de manifesto un comportamento similar dos ss. XIV e XV, mentres que o s. XIII amosa certas especificidades. Tal e como corrobora a táboa 1, nos séculos XIV e XV a posición maioritaria do verbo adoita non se afastar moito do que son as medias vistas antes: hai, en todo caso, unha suba moi livián en V1 e unha redución similar en V≥3, mentres que V2 permanece nas medias xa vistas<sup>20</sup>. A peculiaridade amosada polo s. XIII céntrase, non tanto con V2 que só está moi lixeiramente por riba da media, senón en V1 e en V≥3: así, e aínda que segue sendo a posición maioritaria, V1 presenta un notable descenso, que se converte en ascenso de V≥3.

%	XIII	XIV	XV[-XVI]
<b>V1</b>	51,3	60,6	59,4
<b>V2</b>	34,3	33,9	33,1
<b>V≥3</b>	14,4	5,5	7,5

Táboa 1: Posición de V dende a perspectiva cronolóxica.

Alén doutras particularidades que se irán tratando ó longo do traballo, cómpre introducir algún parámetro que permita interpretar con máis precisión o que, aparentemente, semella posuír unha explicación en termos cronolóxicos. Na táboa 2 incorpóranse dous aspectos fundamentais para descodificar adecuadamente os datos precedentes do s. XIII: a prosa fronte ó verso e, dentro deste, o feito de que o verbo ocupe, ou non, posición de rima.

%	XIII			Media
	Verso		Prosa	
	Posición de rima	Posición non rimante		
<b>V1</b>	31	55,2	63,4	51,3
<b>V2</b>	39,8	34,5	27,7	34,3
<b>V≥3</b>	29,2	10,3	8,9	14,4

Táboa 2: Posición de V nos exemplos do s. XIII.

Os exemplos en prosa do s. XIII presentan unhas medias bastante próximas ás xerais (afástanse delas nun leve aumento de V1 e nunha lixeira minoración de V2) ou ás vistas na

---

bloque coas fontes textuais en prosa (cfr. GGHF 2020: 1.174, ou Kaiser 2002: 78, p. ex.). Se non se dan indicacións ó respecto, VR está incluído nas estatísticas que se ofrezan.

<sup>20</sup> Pinto (2011: 142) tamén ofrece para o castelán medieval a distribución por séculos: s. XIII: V1 55,88%, V2 40,04% e V>2 3,74% / s. XIV: V1 51,61%, V2 42,06% e V>2 5,55% / s. XV: V1 47,89%, V2 43,68% e V>2 8,70%.

táboa 1 para os séculos XIV e XV (con pequenas diminución, fronte a eles, de V2 e suba de V1 e mais de  $V \geq 3$ ). Dos exemplos do s. XIII procedentes do verso —que supoñen algo máis das tres cuartas partes das ocorrencias do corpus neste século—, cómpre distinguir entre aqueles que sitúan o verbo en posición de rima, daqueles outros en que o verbo non ocupa ese lugar privilexiado das composicións poéticas<sup>21</sup>. Os resultados non poden ser máis significativos tal e como reflicte a táboa 2: mentres os verbos que non se sitúan en posición de rima non están tan afastados do resto de medias (cunha clara prevalencia de V1 por riba de V2, a máis de 20 puntos porcentuais, e un  $V \geq 3$  moi afastado deles coa décima parte do total), cando os verbos ocupan unha posición de rima, V1 diminúe drasticamente (por debaixo do terzo de exemplos), aumenta V2 (que queda preto das dúas quintas partes das ocorrencias) pero, sobre todo, ascenden os casos de  $V \geq 3$  (que case triplican a posición non rimante e quedan só a 2 puntos da porcentaxe de V1). Alén doutros aspectos propios do verso coma o ritmo ou a métrica, para o noso obxecto de estudo é innegable a repercusión de ocuparen os verbos a posición de rima.

## 2.2. Posición de V e tipoloxía textual

Un dos criterios primordiais para comprender axeitadamente calquera estudo lingüístico de corpus xira ó redor das clases textuais. A táboa 3 recolle a súa distribución aplicada á posición absoluta de V.

%	<i>PH</i>	<i>PL</i>	<i>PR</i>	<i>PN</i>	<i>VR</i>
<b>V1</b>	64,3	56,2	55,7	65,4	48
<b>V2</b>	30,4	38,9	35,9	26,9	36,1
<b><math>V \geq 3</math></b>	5,3	4,9	8,4	7,7	15,9

Táboa 3: Posición de V segundo as tipoloxías textuais.

Todas cinco tipoloxías textuais analizadas coinciden en presentar V1 como a posición máis produtiva, V2 sitúase sempre en segundo lugar e son as posicións de  $V \geq 3$  as menos rendibles. As oscilacións máis acusadas, en puntos porcentuais, entre os máximos e os mínimos de cada posición alternan entre os 11/12 puntos para  $V \geq 3/V2$  e os máis de 17 puntos con V1. A *PR* é a que máis se aproxima ás medias xerais en todas as posicións analizadas; o *VR* é o que máis se afasta delas (diminuindo V1, subindo só lixeiramente V2 e multiplicando case por dous os casos de  $V \geq 3$ ). Na *PL* redúcense, levemente, V1 e, un pouco máis marcadamente,  $V \geq 3$ , mentres soben os casos de V2. Contrariamente a isto último, na *PH* e mais na *PN* rexístrase un ascenso de V1 fronte a unha diminución de V2 e  $V \geq 3$  (máis acentuada para V2 na *PN* e máis equilibrada na *PH*).

Das tipoloxías precedentes hai dúas que destacan por presentaren a maior/menor separación entre os casos de V1 e de V2: na *PN* sepáranse por máis de 38 puntos porcentuais mentres que, na outra estremeira, no *VR* redúcense practicamente a 12. Coa verificación específica dos exemplos da *PN*, compróbase que hai unha similitude máxima entre os documentados nos ss. XIII e XIV (na franxa do 63% para V1, 27% para V2 e 9~8%

<sup>21</sup> No corpus do *VR*, por cada 3 verbos en posición de rima hai 7 fóra desa posición.



para  $V \geq 3$ ), e un afastamento dos recompilados no s. XV, en que aumenta de xeito importante V1 (69,9%) e diminúen tanto V2 (25,3%) coma  $V \geq 3$  (4,8%). Estes últimos datos salientan unha polarización entre V1 e V2 pois a diferenza entre eles é de 44,6 puntos porcentuais (isto é, 2,7 veces máis) a favor do primeiro. Neste sentido, cómpre opoñer estes resultados da *PN* catrocentista<sup>22</sup> cos vistos para a *PR* datada no s. XV, xa que se afastan notoriamente a máis de 14 puntos porcentuais en V1 (favorables á *PN*), e a máis de 11 puntos V2 e de 3 puntos  $V \geq 3$  (a favor da *PR* nestes dous últimos).

Alén doutras explicacións para entendermos a marcada disparidade da posición absoluta do verbo nos exemplos da *PN* dos ss. XIII e XIV por unha banda e do s. XV pola outra, hai unha moi concreta que destaca nidiamente: o verbo *mandar* (*vid.* §2.3.4.)<sup>23</sup>. Unha quinta parte dos exemplos da *PN* no último dos períodos considerados pertence a este verbo, verbo que en todas as ocorrencias procedentes da *PN* presenta un 87,4% de V1 (3a) e só un 10,8% de V2<sup>24</sup>. Pola contra, o peso do verbo *mandar* nos exemplos da *PN* dos ss. XIII e XIV redúcese ata o 11,8%. A maiores, o verbo *mandar* nos exemplos analizados dos ss. XIII e XIV presenta unha diminución de V1 de máis de 13 puntos porcentuais (3b) e un aumento de 10 puntos de V2 (3c) en comparación cos procedentes do s. XV (isto explícase por unha maior explicitación do SU e/ou dun CC —que antecede(n) o verbo—, circunstancia(s) que non se localiza(n), en idéntica cantidade, nas ocorrencias do s. XV).

- (3) a. Iten<sup>25</sup> [mando]<sub>V1</sub> aos meus parentes de Monterroso as minnas eredades e casas e moynno que ala tenno (*PN* 1497)  
 b. [Mando]<sub>V1</sub> que enterguẽ a Laurenço Perez, clerigo de Bouadela, dex cabra (*PN* 1281)  
 c. et [Pedro Eanes Sancho et Estevan Perez]<sub>SU</sub> [mandaron]<sub>V2</sub> a min F. Ramiriz que escrivisse (*PN* 1280)

Cos exemplos pertencentes ó *VR* verifícase un claro contraste entre os procedentes das *CSM* fronte ós da *LP*: mentres que na lírica profana as porcentaxes da posición de V non se afastan moito das medias (55,6% para V1, 32,3% en V2 e 12,1% con  $V \geq 3$ ), as cantigas da lírica mariana diverxen da tendencia xeral e privilexian os casos do verbo en segunda posición (32,5% en V1, 43,7% para V2 e 23,8% con  $V \geq 3$ ). Certamente, o comportamento entre estas dúas obras neste punto da súa sintaxe a partir dos exemplos analizados é

<sup>22</sup> Os poucos exemplos de inicios do s. XVI, incluídos a efectos estatísticos na *PN* do s. XV, practicamente non se desvían da media global indicada para este século.

<sup>23</sup> Este verbo na *PN* adoita aparecer na P1, nunha proporción que oscila entre os dous terzos no s. XIV, as catro quintas partes no s. XV e o 90% no s. XIII (*vid.* §2.3.2.).

<sup>24</sup> Para avaliar mellor a importancia deste argumento cómpre ter en conta que, se analizamos a *PN* do s. XV excluindo o verbo *mandar*, as porcentaxes resultantes están moi próximas das detectadas para V1 e V2 na *PN* dos ss. XIII e XIV.

<sup>25</sup> Interpreto o adverbio latinizante *iten* como marcador discursivo, equivalente, p. ex., a *igualmente*, un estruturador ordenador de continuidade (*cfr.* Freixeiro Mato 2016: 86-87) e, por iso, queda fóra da contaxe na ordenación dos constituíntes oracionais. Na *GGHF* danlle o mesmo tratamento discursivo, pois analizan dentro dos «connecteurs organisateurs énumératifs» algunhas formas herdadas do latín, entre as que se inclúe *item*, vocábulos que serán substituídos progresivamente por «variantes de formation française» como *de même* e *mêmement* para o exemplo que nos ocupa (2020: 1.635). No noso corpus da *PN* do s. xv[-xvi] son moitos os exemplos co verbo *mandar* na P1 con este marcador discursivo en posición inicial seguido inmediatamente polo verbo.

diverxente: V1 diminúe nas *CSM* case 23 puntos en relación á *LP*, puntos que reparte co ascenso de cadanseus 11 puntos porcentuais en V2 e mais en V≥3. A táboa 4 permítenos avaliar a repercusión que ten en ambas as obras que o V ocupe, ou non, a posición de rima.

%	<i>LP</i>		<i>CSM</i>		Media <i>VR</i> rima/non rima
	V en posición de rima	V noutras posicións	V en posición de rima	V noutras posicións	
<b>V1</b>	38,1	62,5	18,4	39,3	31 / 55,2
<b>V2</b>	35	31,3	48,3	41,5	39,8 / 34,5
<b>V≥3</b>	26,9	6,2	33,3	19,2	29,2 / 10,3

Táboa 4: Posición de V en rima ou non na *LP* e *CSM*.

A incidencia da posición de rima para o verbo é ben acusada: cando V se sitúa en posición de rima existen moitas máis posibilidades de que non ocupe V1 e si de que vaia precedido por un (V2) ou máis constituíntes sintácticos (V≥3). Agora ben, mentres que na *LP* hai un empate técnico —aínda que V1 (4a) conserva unha lixeira maioría (de 3 puntos) sobre V2 (4b)—, nas *CSM* tanto V2 coma V≥3 presentan bastantes máis ocorrencias ca V1 (cunha diferenza de case 30 e 14 puntos porcentuais, respectivamente). Nas *CSM* co V en posición de rima os casos de V2 (4c) multiplican por 2,6 os de V1 (4d) e, tan significativo coma o anterior, os de V≥3 por 1,8.

- (4) a. ca des que [naci]<sub>V1</sub> | nunca convosco falei (*LP* 14,1)  
 b. quando [...] e [os seus olhos]<sub>CD</sub> [catei]<sub>V2</sub> (*LP* 12,3)  
 c. mas [a Virgen]<sub>SU</sub> o [guardou]<sub>V2</sub> (*CSM* 013)  
 d. ca lle [parecia]<sub>V1</sub> | que ostias a comer | lles dava Santa Maria (*CSM* 004)

En dous terzos das ocorrencias co verbo nesa posición de rima no *VR*, esa posición coincide coa final na súa estrutura<sup>26</sup>. Cando se dá esta circunstancia, a distribución de V non se afasta moito das medias vistas para a posición de rima en xeral, aínda que, novamente, hai unha clara diferenza entre as *CSM* (privilexiando V2 e V≥3 fronte a V1, que queda a 37 puntos porcentuais daquela e a 22 desta) e a *LP* (con V2 e V1 practicamente iguais e V≥3 un pouco por detrás das dúas anteriores a 9 puntos porcentuais), *vid.* a sección esquerda da figura 1.

<sup>26</sup> Contabilízanse tamén como exemplos de verbos en posición final os que presentan énclice pronominal.




Figura 1: V en rima: final e non final.

Cando no VR o verbo rimante non se atopa na posición final (sección da dereita na figura 1) V2 é a opción máis rendible pero só 2 puntos por riba de V1 e 9 puntos máis ca V≥3. O contraste neste punto entre as CSM e a LP é ben acusado: nas CSM V2 e V≥3 presentan máis rendibilidade ca V1 (sobre todo V2, 19 puntos por diante de V1), mentres que na LP V1 é a máis documentada, seguida por V2 (a 12 puntos) e por V≥3 (a 17 puntos).

Outro parámetro que nos permitirá comprender, en parte, o diferente comportamento entre as CSM e a LP a propósito da posición de V é a explicitación e anteposición ó verbo do SU. Por unha banda, nas CSM hai un maior número de SU léxicos ca na LP (máis de 7 puntos porcentuais de diferenza), pero, sobre todo, estes adoitan aparecer en moita maior porcentaxe (28 puntos máis) antepostos ó verbo nas CSM ca na LP<sup>27</sup>. Entre todos os constituíntes antepostos ó V a función sintáctica de SU ocupa un lugar senlleiro (*vid.* §3.) e o seu peso específico é similar nos dous corpus da lírica galega medieval, mais non idéntico: case nas dúas quintas partes dos exemplos de V2 das CSM a función que se antepón ó verbo é o SU, porcentaxe que se reduce en máis de 7 puntos na LP. Se observamos os tipos de unidade na función de SU, aprécianse tamén algunhas particularidades: p. ex., nas CSM os pronomes persoais tónicos (moito máis abundantes na LP ca nas CSM) adiántanse ó verbo no 72,5% das ocorrencias, (5a), mentres que na LP esta porcentaxe baixa ata o 55,1%, (5b); coas frases nominais a disparidade aínda é maior, pois nas CSM o 68,8% delas rexístrase adiantada a V, mentres que na LP esa porcentaxe diminúe ata o 32,6%.

- (5) a. que [nos]<sub>SU</sub> [fazemos]<sub>V2</sub> come pecadores (CSM 010)  
b. que lh' [eu]<sub>SU</sub> [diria]<sub>V2</sub> en bõa razon (LP 11,5)

<sup>27</sup> Para o cálculo deste dato non temos en conta os SU que son pronomes relativos. Cómpre tamén salientar a distinta proporción de P1 e P3 en ambas as obras (*vid.* §2.3.2.): mentres a proporción nas CSM é, respectivamente, de 7,1% e 75,6%, na LP a distribución é, nesa orde, 43,1% e 39,5% (a respecto da maior explicitación do SU coa P3 fronte á P1 no galego medieval *cfr.* Rodríguez Guerra 2022: 151).

## 2.3. Posición de V e tipoloxía verbal

### 2.3.1. Tipos de procesos verbais

A clasificación semántica dos verbos en seis grandes grupos<sup>28</sup> (*cf.* ADESSE) non proxecta marcadas diferenzas respecto da colocación absoluta do verbo. En primeiro lugar, V2 presenta unha homoxeneidade absoluta nos seis subtipos e as súas estremeiras localízanse no proceso identificado como Relacional co 33,2% e no proceso denominado Existencial co 35,4% (os outros catro procesos oscilan nun rango de 0,9 puntos porcentuais). Polo que se refire ós casos de verbo en primeira posición son sempre maioritarios e presentan unha oscilación máxima de case 5 puntos porcentuais. Por un lado, hai tres subtipos na marxe do 56% (Material, Mental e Verbal); por outra banda, hai dous subtipos no rango do 58/59% (Modulación e Existencial); e, finalmente, o Relacional posúe o 61%. Nas ocorrencias de  $V \geq 3$  a máxima flutuación é de 4,6 puntos: entre o subtipo Existencial co 5,6% e o Verbal co 10,2%; o proceso Relacional está moi próximo daquel e o Material e Mental, deste (Modulación atópase entre os dous extremos co 7,4%).

### 2.3.2. Persoas e tempos verbais non perifrásticos

A variación na posición de V segundo as persoas verbais non é moi acusada. Nas tres persoas, tanto no singular coma no plural, V1 é a posición claramente maioritaria, V2 sempre é a segunda en rendibilidade e  $V \geq 3$  a terceira. A separación en V1 é dun máximo de 7 puntos porcentuais (entre o 54,6% da P3 e o 61,8% da P6), en V2 é de 9 (entre o 27,4% da P1 e o 36,7% da P3) e en  $V \geq 3$  é de 4 (entre o 6,8% da P4 e o 11,1% da P2). A P1 e a P6 son as que rexistran unha maior presenza de V1 (con 61,6% e 61,8%, respectivamente), a P3 e a P4 concentran os valores máis altos de V2 (36,7% e 36%, respectivamente) e en  $V \geq 3$  a P2 e a P1 son as que presentan a maior porcentaxe (11,1% e 11%, respectivamente) e a P4 a menor (6,8%).

Dende a perspectiva dos tempos verbais non perifrásticos, os que en maior número de ocasións presentan V1 son o pretérito de subxuntivo (70,8%) e o presente de subxuntivo (66,1%), cuns valores de V2 moi baixos, sobre todo aquel (23,1%)<sup>29</sup>. O copretérito, o presente de indicativo e o pospretérito atópanse un pouco por riba da media de uso de V1 (62,9%, 61,1% e 58,1%, respectivamente), con V2 lixeiramente por debaixo da media xeral (31,5%, 32,3% e 32,6%, respectivamente). Algúns tempos amosan menores porcentaxes de V1 cá media (antepretérito 54%, futuro de indicativo 54,8%; pretérito de indicativo 52,3%) e maiores de V2 (38,8%, 38,4% e 36,5%, respectivamente). No futuro de subxuntivo<sup>30</sup> detéctase unha preferencia por V1 (4,6 puntos por baixo da media, co 52,9%) seguida por V2 co 36,6% (2,8 puntos por riba da media).

<sup>28</sup> Os tipos de procesos son: Mental, Relacional, Material, Verbal, Existencial e Modulación.

<sup>29</sup> Estes dous tempos verbais aparecen maioritariamente en subordinadas, sobre todo completivas, relativas e adverbiais (*vid.* §2.4.3.).

<sup>30</sup> Consideráronse todas as P2, P4, P5 e P6 e só a P1 e P3 dos verbos irregulares. Rexístranse moi poucas ocorrencias de infinitivo flexionado na P2, P4, P5 e P6 que, fronte ó detectado no futuro de subxuntivo, optan por V1.

## 2.3.3. Formas verbais perifrásticas

Dende a perspectiva metodolóxica, cando a orde dunha perífrase verbal (sexa ou non tempo composto) presenta primeiro a forma auxiliar e despois a auxiliada, con independencia de que entre elas exista ou non contigüidade, analizámola como V1 (que só muda se se antepón algún constituínte á forma auxiliar do verbo). En consecuencia, ó detectarmos a orde [auxiliado-auxiliar], consideraremos desprazada a forma auxiliada e contabilizarémola entre as unidades antepostas ó verbo (*vid.* §1., n. 16).

Coas formas perifrásticas (incluída a pasiva perifrástica) que non constitúen tempos compostos, V1 é maioritaria, pero só con pouco máis da metade dos exemplos (50,8%), V2 sitúase preto das dúas quintas partes (39,1%) e  $V \geq 3$  posúe unha décima parte. A orde amplamente maioritaria é [auxiliar-auxiliado] co 96,1% das ocorrencias, mais no 3,9% restante documentamos a anteposición do verbo auxiliado. Nestes últimos casos son maioría (72,4%) os exemplos de V2, isto é, que só antepoñen o auxiliado, exemplos da serie (7); os demais son casos de V3. A táboa 5 recolle as proporcións con que se detecta a anteposición da forma auxiliada en diferentes (con)textos.

%	[Auxiliado-Auxiliar]
<i>PH</i>	0,7
<i>PL</i>	2,3
<i>PN</i>	11,1
<i>PR</i>	—
<i>VR</i>	8
Perífrases de infinitivo	2,9
Perífrases de xerundio	1,9
Perífrases de participio	7,1

Táboa 5: Porcentaxes da orde [auxiliado-auxiliar].

Estes exemplos de anteposición do auxiliado detéctanse ó longo de todo o período medieval estudado, aínda que no s. XIII o noso corpus só fornece exemplos procedentes do *VR* e no s. XV[-XVI] da *PN*. A meirande parte deles, máis da metade, rexístrase en perífrases con infinitivo<sup>31</sup> (7a), seguidas polas de participio (7b) e, por último, de xerundio (7c). Mais, como se deduce da táboa 5, as porcentaxes de anteposición tanto coas perífrases de xerundio coma coas de infinitivo son moi baixas; son as de participio as que amosan unha rendibilidade relativa maior. Neste sentido, non podemos obviar o carácter formulístico dalgúns destes exemplos, *vid.* (7b), que xustifica en parte a maior concentración na *PN*. Alén do carácter residual na *PL*, *PH* e *PR* (nesta última non xurdiu ningún exemplo no corpus), cómpre destacar o peso desta opción construtiva, situado no 8%, no *VR*. Dentro del, a porcentaxe achada na produción lírica relixiosa (11,8%) duplica a detectada na lírica profana (5,4%).

<sup>31</sup> Para as perífrases modais nos foros casteláns da segunda metade do s. XIII, Castillo Lluch reconta en total 675 casos coa orde [verbo modal-infinitivo] e 8 coa orde [infinitivo-verbo modal], isto é, o 1,2% (2015: 305).

- (7) a. do angeo, que lle [falar]<sub>VAux</sub> | [foy]<sub>V2</sub> (CSM 001)  
 b. como [dito]<sub>VAux</sub> [he]<sub>V2</sub> (PN 1310)  
 c. [estrebeirando]<sub>VAux</sub> [vai]<sub>V2</sub> de mui gran maneira (LP 6,9)

Respecto dos tempos compostos, que son moi escasos no galego medieval —sobre todo co verbo *seer*—<sup>32</sup>, os construídos co auxiliar *aver* amosan exactamente un 50% de casos de V1, 43,5% de V2 e 6,5% de V≥3; mentres que os auxiliados con *seer* privilexian V2 (54,2%; *vid.* §2.5. e §2.3.4.), seguido de V1 (29,2%) e V≥3 (16,6%).

Nestes tempos compostos, o 14,5% dos formados con *aver* adiantan o participio, mentres que cos construídos con *seer* esta porcentaxe descende ata o 8,3%. Das ocorrencias dos tempos compostos con *aver*, case a metade dos exemplos de anteposición do participio se concentran na lírica mariana (idéntica proporción que supoñen estes casos en relación ó total de tempos compostos con *aver* nas CSM)<sup>33</sup>. Os exemplos de anteposición do participio con *seer* pertencen á lírica e, nela, supoñen un 15,4% do total de tempos con este auxiliar.

Por último, aínda que os casos de intercalación de constituíntes non-clíticos entre o auxiliar e o auxiliado non teñen unha repercusión directa na posición absoluta do verbo, cremos conveniente ofrecer uns datos xerais sobre a súa rendibilidade. Coas perífrases verbais hai un 15,6% dos exemplos que presenta algún constituínte non-clítico intercalado. A orde é sempre [auxiliar-auxiliado] agás nun único exemplo con intercalación de *non* (8a). As proporcións con que se detectan nas diferentes tipoloxías textuais salientan a produtividade que posúe no VR co 28,2% (neste caso na LP ascende ata o 32,1% e nas CSM redúcese ata o 22,4%); nos demais oscilan entre o 15,6% da PH e o 7,6% da PR.

Nos tempos compostos (con *aver* ou *seer*) a media de constituíntes intercalados entre auxiliar e participio (auxiliado) é do 12,8% (cun leve incremento cando o auxiliar é *seer*). O constituínte intercalado é normalmente un adverbio e só excepcionalmente rexistramos algunha frase nominal —*sua rromaria*, CD— coma no exemplo (8b).

- (8) a. e [assi]<sub>CC</sub> [coñocer]<sub>VAux</sub> non vus [podia]<sub>V3</sub> (LP 14,1)  
 b. Et pois que [ouve]<sub>V1</sub> *sua rromaria* | [acabada]<sub>VAux</sub> (MS 12)

#### 2.3.4. Verbos concretos

En Rodríguez Guerra (2022: 158) clasifícanse algúns dos verbos galegos medievais máis representados segundo a súa proporción de suxeitos explícitos. Na táboa 6 recóllese a posición media de V nos distintos grupos de verbos (o número mínimo de ocorrencias de cada un destes verbos é de 75) agrupados consonte os datos de Rodríguez Guerra (2022).

<sup>32</sup> Moscoso Mato (2000: 97) fala de 11 e de 3,44 casos cada mil verbos para *aver* e *seer*, respectivamente.

<sup>33</sup> Segundo os datos de Moscoso Mato (2000: 194-196) para os tempos compostos do galego medieval, as tres cuartas partes dos exemplos posúen a orde [auxiliado-participio], seguidos por [auxiliado-(constituínte)-participio], despois [participio-auxiliado] e, por último, a opción menos frecuente é [participio-(constituínte)-auxiliado]. Este investigador tamén confirma que as composicións poéticas son as máis permeables ás ordes menos habituais.

%	V1	V2	V≥3
<b>+</b> Explicitación do suxeito			
<i>Seer</i> (atributivo), <i>andar</i> e <i>vñir</i>	54,6	38,3	7,1
<i>Morrer</i> , <i>estar</i> e <i>chegar</i>	57,3	34,7	8
<i>Contar</i> , <i>teer</i> , <i>aver</i> (posesión) e <i>dizer</i>	56,3	36	7,7
<i>Saber</i> , <i>levar</i> , <i>fazer</i> , <i>veer</i> , <i>chamar</i> e <i>poñer</i>	61,1	31,2	7,7
<i>Achar</i> e <i>mandar</i>	73,1	21,3	5,6
<b>-</b> Explicitación do suxeito			

Táboa 6: Explicitación do suxeito e posición de V.

Nun primeiro momento, da táboa 6 dedúcese que semella existir unha correlación entre estes grupos de verbos e unha menor ou maior proporción de V1 (e de V2 dun xeito inversamente proporcional):

- Os verbos do primeiro conxunto (os que máis explicitan o suxeito) son os que presentan, de media, unha menor proporción de V1 e maior de V2 (mais sempre con V1 maioritario).
- Os do segundo grupo (*morrer...*) ven aumentado moi lixeiramente o peso de V1 e diminuído V2 nunha proporción só un pouco maior.
- Os verbos do terceiro conxunto (*contar...*)<sup>34</sup>, aqueles que están na media dos suxeitos explícitos, presentan uns valores similares ós do grupo precedente, unicamente cunha moi pequena flutuación á baixa en V1 e V≥3 e á alza (con pouco máis de 1 punto) en V2.
- Os verbos da penúltima das agrupacións (*saber...*) amosan unha clara preferencia por V1 que queda moi preto de dobrar os casos de V2.
- Finalmente, os dous verbos incluídos no último dos conxuntos presentan a porcentaxe máis elevada de V1 que triplica a de V2.

Mais, se se analiza o comportamento dos verbos individuais dentro de cada grupo, compróbase que este non é homoxéneo:

- Así, no primeiro deles, mentres o verbo *andar* conta cun 60,7% de V1 (e 35,3% de V2), o verbo *seer* (atributivo; *vid.* §2.5. e §2.3.3.) practicamente amosa un empate técnico entre V1 (co 49%) e V2 (co 45,9%).
- Elvira (2015: 34) para o castelán medieval apunta que «El verbo *ser*, especialmente en el presente y en su tercera persona, no es frecuente en posición inicial de oración o tras pausa topical», acontece o mesmo no galego medieval? Entre os exemplos de *seer* atributivo que non son presente hai un V1 57,6%, V2 40,8% e V≥3 1,6%; nas ocorrencias de *seer* atributivo en presente detéctase un V1 40,6%, V2 51,1% e V≥3 8,2%. Certamente, confírmase unha importante redución de V1, mais esa porcentaxe de dúas quintas partes segue a ser moi elevada e dificilmente encaixaría coa afirmación de Elvira. Se contrastamos a situación entre as persoas gramaticais verificamos que sucede algo similar pois, sempre no presente, P3/P6 posúen V1 39,2%, V2 52,8% e V≥3

<sup>34</sup> Segundo Elvira «El orden con verbo inicial y sujeto pospuesto era frecuente en castellano medieval con verbos de habla, como *dezir*, *contar*, etc.» (2015: 30).

8%, fronte ó resto de persoas nese tempo con V1 62,5%, V2 25% e  $V \geq 3$  12,5%. E un reparto parecido é, respectivamente, o que rexistramos se confrontamos os presentes de indicativo e de subxuntivo.

A chave para comprendermos realmente o que acontece pasa por contar tamén coa tipoloxía oracional: nos diferentes tempos verbais de *seer* atributivo documéntanse os grandes tipos oracionais manexados (*vid.* §2.4.) e isto é un dos aspectos que inflúe á hora de que V1 se manteña relativamente elevado. Neste sentido é fundamental compararmos o que acontece nos dous tipos oracionais asociados cun V1 máis baixo: as oracións independentes e os primeiros membros ( $M_1$ ) dos esquemas coordinativos primarios (ECP). Se analizamos exclusivamente estes dous grupos oracionais comprobamos que, sempre con *seer* atributivo, os tempos que non son o presente amosan uns valores de V1 36%, (9a), V2 60% e  $V \geq 3$  4%, mentres que co presente as proporcións son de V1 9,4%, V2 87,5%, (9b), e  $V \geq 3$  3,1%. A diferenza, neste caso, si que é significativa: 26 puntos menos en V1 e 27 máis en V2. Polo que se refire ás persoas gramaticais, aínda que só documentamos dous exemplos de primeiras e segundas persoas dentro de independentes ou como  $M_1$  de ECP, ambos son V1, mentres que as P3/P6 aínda privilexian máis V2 (90,3%) fronte a V1 (6,5%). Se comprobamos o modo, o presente de indicativo lanza uns números similares ós do presente en xeral, que non sorprende porque no presente de subxuntivo só hai dous casos de oracións independentes, V2 en ambas, pero que responden a un coñecido patrón dos textos notariais (9c), tal e como indica tamén Elvira para o castelán medieval (2015: 34).

- (9) a. Et [era]<sub>V1</sub> parēt da moller de Leomedón et natural de Salamjna (CT 225)  
 b. [As findas]<sub>SU</sub> [som]<sub>V2</sub> cousa que os trobadores sempre usaron... (AT 486)  
 c. [Sabuda coufa]<sub>CPS</sub> [jeia]<sub>V2</sub> como eu, Ffernam Nunez de San Cibrão, agrauado per graue ãfirmidade... (PN 1258)

—No segundo bloque de verbos, en V1 hai unha diferenza de algo máis de 5 puntos entre o máis, *estar* (60,4%), e o menos produtivo, *chegar*; unha distancia de 6 puntos é a que se rexistra entre a proporción maior de V2, *morrer* (38,6%), e a menor con *chegar*; e este último verbo, co 12,9%, duplica os casos de  $V \geq 3$  rexistrados nos outros dous verbos).

—No conxunto intermedio, son os verbos de posesión *teer* e *aver* os que posúen unha maior/menor, respectivamente, porcentaxe de V1 (atópanse entre si a máis de 16 puntos porcentuais) e de V2 (con máis de 12 puntos de diferenza, neste caso favorable ó segundo dos verbos sinalados).

—No penúltimo dos grupos, *poñer* é o verbo cunha maior produtividade de V1 (65,9%) e *fazer* o máis baixo (57,6%); de xeito quiástico, o V2 máis baixo é o do verbo *poñer* (22,7%) e o máis alto rexístrase con *fazer* (33,5%).

—Por último, entre *mandar* e *achar* hai unha diferenza importante pois, mentres que o primeiro privilexia nidiamente V1 sobre V2 (quintuplicando V1 a proporción de V2), o verbo *achar* amosa un equilibrio case perfecto entre estas dúas posicións de V (cunha diferenza de 2,3 puntos favorable a V1).



Fiéis (2003: 312) analizou os exemplos de V2 no portugués arcaico nas secuencias XVS das oracións independentes distinguindo os contextos transitivos e inacusativos e comprobou que o 88,2% dos exemplos se documenta en construcións inacusativas, «O que, de facto, poderá ser mais um argumento contra a idea de que o PA era uma língua V2», xa que «as ordens atestadas com inversão do sujeito e com constituintes deslocados à esquerda são típicas de contextos inacusativos, que permitem estruturas de inversão, como a inversão locativa» (2003: 312). Nos exemplos que localizamos no noso corpus dos verbos propostos por Fiéis (2003: 188) o 70% corresponden a construcións inacusativas e o 30% a transitivas<sup>35</sup>.

#### 2.4. Posición de V e tipoloxía oracional

Un dos parámetros utilizados sistematicamente cando se estuda a posición do verbo é o tipo oracional. Certamente, para o galego medieval a tipoloxía oracional tamén amosa a súa relevancia no lugar ocupado polo verbo finito, tal e como reflicte de xeito resumido a figura 2:




Figura 2: Posición de V segundo a tipoloxía oracional.

<sup>35</sup> Os verbos son *acabar*, *começar*, *correr*, *partir* e *tornar* (casos de V2 con SU posposto, en oracións independentes e excluindo o VR). Ledgeway xa no *Itinerarium Egeriae* atopou nas «root clauses» un 39% de SU posverbais cos verbos inacusativos, por un 15,2% nos transitivos (2017: 181, táboa 5).

## 2.4.1. Oracións independentes

Coas oracións independentes V2 é a posición maioritaria aínda que non alcanza a metade dos exemplos, pois queda no 47%, (9b, 9c e 10a), vai seguida relativamente preto por V1 co 39,8%, (3a, 9a, 10b e 10c) e, por último, a máis distancia,  $V \geq 3$  posúe o 13,2% (1d)<sup>36</sup>.

- (10) a. Et [desta guisa]<sub>CC</sub> se [ajuntarō]<sub>V2</sub> todos, segundo cōta [a] estoria (TCX 24)  
 b. Et nõ uos [envía]<sub>V1</sub> outra ameaça (CT 236)  
 c. [Dizen]<sub>V1</sub> que lh' a el mais val | esto que diz, ca non al (LP 7,6)

Hai que salientar a relativamente forte variación da posición de V en función da tipoloxía textual. A táboa 7 reflicte as proporcións por cada cen exemplos entre V1 e o resto de posicións do verbo ( $V \geq 2$ ).

-	V1					+
	23	31	37	40	59	
%	PR	VR	PH	PL	PN	
+	77	69	63	60	41	-
	V2+V $\geq$ 3					

Táboa 7: Posición de V nas oracións independentes segundo o tipo de texto.

Nas estremeiras atópanse a PR e a PN coa menor e maior proporción, respectivamente, de V1. Na PR documéntase unha cantidade importante de exemplos que narran acontecementos que comezan, en V2, coa explicitación do SU ou dunha referencia fundamentalmente temporal (11a) ou construída tamén a partir de ablativos absolutos coma no exemplo (6a), ou coa combinación de ambas as funcións en  $V \geq 3$  (11b). Pola súa banda, na PN, como xa se viu en §2.2. e §2.3.2., abunda a combinación entre as primeiras persoas e o verbo *mandar*. Entre ambas as tipoloxías textuais localízanse o VR, a PH e a PL (de menor a maior porcentaxe de V1). Como xa aconteceu en xeral (*vid.* §2.2.), nas oracións independentes tamén se detecta unha diverxencia moi acusada entre a LP, cun 47,2% de V1 e un 41,7% de V2, e as CSM, con só o 9,8% de V1 e o 56,1% de V2.

- (11) a. Et [entō]<sub>CC</sub> [mãdou]<sub>V2</sub> ao mãdadeiro de Pilatus que se fose cō soude (MS 37)  
 b. Et [Tito]<sub>SU</sub> [desque esto vio,]<sub>CC</sub> [rreçebeu]<sub>V3</sub> Josepho et o escudeiro em sua grraça et en sua encomêda (MS 41)

<sup>36</sup> Rinke (2007: 86), para os ss. XIII e XIV, e Sitaridou (2012: 563), para o s. XIII, ofrecen os resultados da súa análise de textos notariais do portugués medieval (tamén inclúen algúns documentos galegos) nas oracións principais. As súas porcentaxes son, respectivamente: V1 25,4%/15%, V2 52,3%/50,2% e  $V \geq 3$  22,3%/34,8%. Os nosos resultados de V2 non están tan afastados dos obtidos por estas dúas autoras, cousa que si ocorre con V1 e  $V \geq 3$  (non se pode esquecer que nin a tipoloxía textual coincide, nin a metodoloxía empregada é idéntica). Se a comparación a realizamos cos datos que podemos calcular para o portugués arcaico en Ribeiro (1995: 151), vemos que están máis próximos dos nosos: V1 35,2%, V2 52,4% e V3 12,4%. Se calculamos a media a partir dos datos de Pinto (2011: 142) para as «orações matrizes» do castelán medieval (séculos XII-XV) os resultados son: V1 36,74%, V2 51,69% e  $V > 2$  11,40%. *Cfr.* co 92,21% de V2 en Wolfe (2015) para o castelán medieval do s. XIV (*vid. infra* §5., nota 71).

Analizamos algo máis en detalle o comportamento nas oracións independentes dalgunhas funcións sintácticas, nomeadamente o SU.

—En V1 a meirande parte dos SU son implícitos, só se explicita un 28,4% que, obviamente, aparecen pospostos ó verbo<sup>37</sup> (case unha cuarta parte deles son [+inanimados]). Estes SU unicamente supoñen un 14,7% do total de constituíntes pospostos ó verbo: son maioría as outras funcións argumentais co 63,1% (o 37,2% pertence ó CD) e os CC alcanzan o 22,2%.

—Con  $V \geq 2$  explicitáanse dous terzos dos SU e o 65,6% deles antepóñense ó verbo (só un 12,5% son [+inanimados], porcentaxe que ascende ó 31,8% no terzo que se pospón a V; *vid.* §2.6.). Para o latín do *Itinerarium Egeriae*, segundo os datos ofrecidos por Ledgeway (2017: 175-176 e 181) calculamos para  $V \geq 2$  nas oracións principais un 60,7% de SU preverbais e un 39,3% de SU pospostos.

—En V2 os SU antepostos a V supoñen o 35,6% dos constituíntes preverbais nas oracións independentes<sup>38</sup>, os complementos argumentais suman o 14,3% e os CC canda outros constituíntes desprazados á esquerda o 50,1%. Para o latín do *Itinerarium Egeriae*, Ledgeway (2017: 174-175) indica que en V2 o SU supón o 38,9% dos constituíntes preverbais nas oracións principais, as outras funcións argumentais o 9% e os adxuntos o 52,1%<sup>39</sup>.

—Como se verá en §3. dende unha perspectiva global, non se debe desbotar a visión conxunta entre os constituíntes que figuran á esquerda do verbo e os que se explicitan á súa dereita. Deste xeito, centrados nas oracións independentes, en V2 os SU posverbais supoñen o 17,8% dos constituíntes pospostos (os complementos argumentais o 55,5% e os adxuntos o 26,7%); en  $V \geq 3$  os SU baixan ó 6,4% (63,7% resto de argumentos e 29,9% adxuntos).

—Non se pode deixar pasar por alto que cando nas oracións independentes do noso corpus do galego medieval só se documenta un único constituínte, este antepónese ó verbo no 10,7% das ocasións e posponse no 89,3% restante (*vid.* táboa 12 en §5.). Semellante (des)proporción non encaixaría ben cunha lingua que tendese a unha orde V2, máxime neste contexto das oracións independentes.


#### 2.4.2. Esquemas coordinativos primarios (ECP)

Fronte ás anteriores, as oracións que son membros de ECP, exemplos da serie (12), presentan unha maioría nidia de V1 en 6 de cada 10 exemplos, mentres que V2 ten exactamente a metade desa cifra (29,8%) e  $V \geq 3$  rexistra 1 de cada 10 casos. Mais é necesario revisar en detalle dúas variables para entender adecuadamente como se comporta posicionalmente V nos ECP: o número de membros que constitúen os ECP e a posición que ocupa nese esquema o membro analizado.

<sup>37</sup> No latín da monxa Exeria, Ledgeway (2017: 181) documentou un 54,7% de SU explícitos pospostos a V1 nas oracións principais, porcentaxe que case duplica a rexistrada no noso corpus.

<sup>38</sup> En V2 as oracións independentes presentan un 36,4% de SU implícitos (17,7% en  $V \geq 3$ ).

<sup>39</sup> A partir desa proporción de SU preverbais en V2, Ledgeway reflexiona que é «a somewhat surprising result if late Latin were not a V2 language» (2017: 172).



[ECP: Esquema Coordinativo Primario; M1: Primeiro membro dun ECP; M2: Segundo membro ou seguintes dun ECP]

Figura 3: Esquemas coordinativos primarios e posición de V.

Os esquemas coordinativos bimembres, (12a), (12b) e (12c), contabilizando primeiros e segundos membros, presentan unha distribución bastante similar á media xeral (*vid.* §2.): con V1 e V2 2 puntos por debaixo desa media e con V≥3 4 puntos por riba dela. Os esquemas coordinativos de tres, (12d), ou máis membros, á marxe da orde que ocupen, priman V1, con algo máis dos dous terzos dos exemplos, mentres que V2 queda coa cuarta parte do total e V≥3 con case o 8%.

Na base desta desemeallanza sitúase a diverxencia que adoita existir entre os primeiros membros (M<sub>1</sub>) de calquera ECP e o resto dos membros: mentres nos M<sub>1</sub> se privilexia V2 —*entrou* en (12b) e *leyxou* en (12d)— e tamén aumenta V≥3 —primeiro *mãdou* en (12a)—, o resto dos membros dos esquemas coordinativos (M<sub>2</sub>... M<sub>n</sub>) optan moi maioritariamente por V1 —segundo *mãdou* en (12a), *achou* en (12b), segundo *mando* en (12c) e *juntou* e *dixe* en (12d)— (*cfr.* co explicado en Rodríguez Guerra 2022: 156-157 a propósito do distinto comportamento na súa explicitación do SU). Xa que logo, mentres nos esquemas coordinativos bimembres existe un equilibrio numérico entre o M<sub>1</sub> e os demais membros (neste caso só M<sub>2</sub>), nos ECP de tres ou máis membros segue habendo un único M<sub>1</sub> mentres que aumentan todos os demais. O esencial é, en consecuencia e tal e como amosa a figura 3, distinguirmos entre os M<sub>1</sub> dun ECP (con maioría de V2 e un número importante de V≥3) e todos os demais membros, M<sub>≥2</sub>, (cunha clara preponderancia de V1 en detrimento tanto de V2 coma de V≥3).

- (12) a. Et [entõ]<sub>CC</sub> [o enperador]<sub>SU</sub> [mãdou]<sub>V3</sub> estrar as carreiras de panos d'ouro et de seda, et [mãdou]<sub>V1</sub> que trouxesen a omaya (MS 55)  
 b. Et [o moço]<sub>SU</sub> [entrou]<sub>V2</sub> et [achou]<sub>V1</sub> aCaym que jazia em terra tendido de aquel golpe pera morrer, mays pero vyuo era (XH 21)

c. Yten, [mando]<sub>V1</sub> que eno dia de meu enterramento que me digan doze misas, as onze rezadas e una cantada con sua vegilia e letanía, e [mando]<sub>V1</sub> que as ditas misas se digan dentro de dita yglesia de San Salvador (PN 1519)

d. Et [el rey dom Ordon]<sub>SU</sub> [leyxou]<sub>V2</sub> todolos outros feytos et [juntou]<sub>V1</sub> logo sua oste, et [dixeles]<sub>V1</sub> aquel feyto dos mouros en coño vijnã (TCX 17)

#### 2.4.3. Oracións subordinadas

As subordinadas (completivas, relativas e adverbiais) manifestan unha acusada preferencia por V1 co 66,4% de media, con V2 no 29,3% e V≥3 no 4,3% (vid. figura 2)<sup>40</sup>. Agora ben, mentres que o comportamento de completivas e relativas<sup>41</sup> é similar (na franxa do 70~68% para V1, 24~28% para V2 e 4~3%, respectivamente, con diferenzas mínimas entre elas como se pode comprobar), as adverbiais si que se afastan das anteriores ó presentaren un 56,3% de V1, 38% de V2 e 5,8% de V≥3<sup>42</sup>. Entre os motivos que xustifican que, p. ex., as adverbiais posúan 14 puntos menos cás completivas en V1, está que as adverbiais adoitan explicitar a función sintáctica de suxeito en bastantes máis ocasións (case 17 puntos porcentuais), suxeito que, ademais, en dous de cada tres casos se sitúa anteposto ó verbo, exemplos da serie (13).

- (13) a. Poi-[la missa]<sub>SU</sub> [foi cantada,]<sub>V2</sub> o Arcebispo sayu | da igreixa (CSM 012)  
b. Quando [Lançarot]<sub>SU</sub> sse [foy chegãdo]<sub>V2</sub> uiu preto da porta VI tẽdas armadas (LT 56)

No exemplo (13b) obsérvase que a adverbial que precede o verbo principal explicita o seu SU, que coincide co do verbo principal, *uiu* no exemplo, que xa non o explicita e que queda en V2, pois é a adverbial a que ocupa a primeira posición: [*Quando Lançarot sse foy chegãdo*]<sub>CC</sub> [*uiu*]<sub>V2</sub> *preto da porta VI tẽdas armadas* (LT 56). Se os suxeitos son distintos e o da principal se explicita anteposto, este verbo acaba ocupando unha posición máis

<sup>40</sup> A proporción que atoparon Rinke (2007: 87) para os ss. XIII e XIV e Sitaridou (2012: 565) para o s. XIII nas oracións subordinadas (cunha metodoloxía coincidente entre elas pero que non concorda exactamente coa nosa, cfr. Sitaridou 2012: 560-561) da prosa notarial portuguesa foron, respectivamente: V1 42,6%/33,1%, V2 44,5%/48,2% e V≥3 12,9%/18,7%. Máis achegados ós nosos resultados están os que podemos calcular en Ribeiro (1995: 151): V1 59,2%, V2 35,7% e V3 5,1%. Castillo Lluch para relativas e prótases de condicionais nos foros casteláns medievais «el verbo aparece demasiado a menudo en posición V1» (2015: 301). Novamente, calculamos a media dos datos de Pinto (2011: 142) para as «orações subordinadas» do castelán dos séculos XII-XV: V1 59,03%, V2 36% e V>2 4,74%. Compárese co 40,35% de V2 para o castelán medieval do s. XIV en Wolfe (2015) (vid. *infra* §5., nota 71). A análise das completivas con conxunción e SU posposto leva a Fiéis á conclusión de que o portugués arcaico «não é V2 de todo, é antes V1» (2003: 317).

<sup>41</sup> Na PN as relativas practicamente amosan unhas medias similares (V1 67,9%, V2 30% e V3 2,1%), mais se comparamos estes datos cos que estudamos directamente en dous textos recuados no tempo, o *Testamento de Afonso II* e o *Foral do Burgo de Caldelas*, a situación é parcialmente diferente: no primeiro (datado en 1214 e sobre un total de 35 exemplos) son maioría os casos de V2 coas tres quintas partes dos exemplos (vid. n. 67), mentres que V1 conta coas dúas quintas partes; no segundo, tradución dun texto latino e algo máis tardío có anterior (sobre un total de 32 exemplos), V1 é maioritario con algo máis da metade dos exemplos totais, V2 rexístrase nas dúas quintas partes e V3 na franxa do 6%.

<sup>42</sup> En Ribeiro (1995: 151) para o portugués arcaico podemos calcular unhas porcentaxes bastante similares ás nosas nas relativas e adverbiais (V1 65,3%/52,6%, V2 30,9%/40,4% e V3 3,8%/7%, respectivamente), e non tanto para as completivas (V1 56,8%, V2 38,7% e V3 4,5%).

atrasada, V3 para *sayu* no exemplo (13a): [*Poi-la missa foi cantada,*]<sub>CC</sub> [*o Arcebispo*]<sub>SU</sub> [*sayu*]<sub>V3</sub> | *da igrexa* (CSM 012).

Verbo das subordinadas relativas, aínda que na meirande parte dos traballos consultados o pronome relativo non se contabiliza como un constituínte léxico máis á hora de fixar a posición que ocupa o verbo na secuencia (*cf.* Monteagudo 2008, Sitaridou 2012: 560 ou Pinto 2015: 61-62)<sup>43</sup>, hai algún traballo en que isto non é así: como xa se sinalou (*vid.* §1., n. 14), na *GGHF* si contabilizan os pronomes relativos como un constituínte máis. Se do cómputo do noso corpus excluímos as subordinadas de relativo, a proporción obtida na posición do verbo é a seguinte: V1 54,7%, V2 35,3% e V≥3 10%. A variación en comparación cos datos xerais é exígua (non chega en ningún caso a 3 puntos porcentuais de diferenza) e afecta a todas as posicións, coa lóxica diminución de V1 e a redistribución da suba entre o resto: V1 baixa algo menos de 3 puntos porcentuais, que son os que soben, nun reparto equitativo, V2 e V≥3 (é relevante destacar que este crecemento non se concentra só en V2).

Os datos anteriores son perfectamente comprensibles se temos en conta que case nun terzo das relativas hai algún constituínte —fóra do relativo— que se antepón ó verbo. Neste sentido é importante constatar que na meirande parte das subordinadas relativas (63,1%) existe un suxeito explícito, que adoita ser nos dous terzos das ocasións un pronome relativo. A transcendencia deste dato, que neutraliza a posibilidade da existencia dun constituínte suxeito non relativo, maniféstase nos exemplos de V≥2 pois, neles, cun 78,3% de suxeitos explícitos, máis da metade (56,2%) non son pronomes relativos e antepóñense a V un 91,8% deles (*vid.* §3.).

Non se pode esquecer a terceira das características sinaladas, p. ex., por López Izquierdo e Castillo Lluch a propósito da interpretación das linguas romances como V2 simétricas: «que el orden de la subordinada no es sustancialmente diferente al de la principal» (2015b: 9) e que, á vista dos datos precedentes, sería de difícil aplicación para o galego medieval.

#### 2.4.4. Oracións bipolares

Con este subtipo oracional o primeiro que resalta é, con independencia de que esteamos diante dun membro ou outro das estruturas paratácticas pechadas que configuran, a homoxeneidade estatística dos datos, pois a maior diferenza, en V≥3, nin sequera chega ós 2 puntos. Nas bipolares constátase unha redución de 6 puntos en V1 en relación á media xeral, aínda que segue sendo a posición maioritaria co 51,5% —V1 tanto na prótase coma na apódose de (14a) e (14b)—, con V2 en segunda posición co 35,7% (só un pouco máis alta cá media), (14c), e V≥3 co 12,8% (máis de 4 puntos por riba da media xeral).

- (14) a. Et se lla [derdes,]<sub>V1</sub> [perdoaruos ha]<sub>V1</sub> quanto dano de uós ten rreçebudo (CT 236)  
b. Et [chegou]<sub>V1</sub> a ssy toda sua cõpañã, mays nõ a [podo leuar]<sub>V1</sub> en aaz (CT 225)

<sup>43</sup> Non podemos esquecer propostas coma a retomada por García Cornejo e aplicada ó castelán medieval, segundo a cal *que* posúe un valor «diafórico», que como relativo sería anafórico e, como conxunción, catafórico (2006: 44-45).

- c. [Tormento que me façás]<sub>SU</sub> nõ me [pode enpeeçer]<sub>V2</sub> ca [o señor Santiago]<sub>SU</sub>  
me [garda]<sub>V2</sub> de ty (MS 8)

## 2.5. Esquemas sintácticos argumentais e posición de V

Dende unha perspectiva dos esquemas sintácticos argumentais en termos cuantitativos, os resultados do noso estudo, tal e como reflicte a táboa 8, non ofrecen grandes diferenzas en comparación cos datos xerais sobre a localización do verbo finito na súa oración.

%	Monoargumentais	Biargumentais	Triargumentais
<b>V1</b>	56,4	56,1	60,5
<b>V2</b>	36	34,9	31,1
<b>V≥3</b>	7,6	9	8,4

Táboa 8: Posición de V segundo o número de argumentos dos esquemas sintácticos.

As oscilacións entre os esquemas con un argumento, (6a) e (6b), ou con dous, (6c) e (6d), son mínimas e tampouco se afastan da media xeral. Nos esquemas con tres argumentos hai un lixeiro aumento dos casos de V1, (6e), (cunha subida de algo máis de catro puntos en relación cos biargumentais), acompañado dunha diminución levemente inferior con V2, (6f) e (6g).

- (6) a. Et [morto Ordonio,]<sub>CC</sub> [reinou]<sub>V2</sub> seu fillo don Afonso, nobre varon, con a raina dona Gimena et con seus fillos (CI 61)  
 b. Et [des entõ]<sub>CC</sub> [Santiago]<sub>SU</sub> [começou a çopegar]<sub>V3</sub> moyto senpre (MS 23)  
 c. [mirarei,]<sub>V1</sub> madre, as torres de Geen (LP 114,2)  
 d. Et quando [a boa dona]<sub>SU</sub> [oieu]<sub>V2</sub> aquela voz (CI 63)  
 e. hũ seu cõde, que [aujá]<sub>V1</sub> [nome]<sub>CD</sub> [Antenor]<sub>CPD</sub> (CT 234)  
 f. Et [Velosiano]<sub>SU</sub> lle [diso]<sub>V2</sub> o por que viera (MS 53)  
 g. [Ata aqui]<sub>CC</sub> vos [cõtamos]<sub>V2</sub> da paixõ et trasladaçõ de Santiago Zebedeu (MS 19)

Nos esquemas monoargumentais construídos coa función sintáctica de SU, claramente maioritarios, a distribución da posición de V non se afasta moito da media xeral. Nos escasos esquemas monoargumentais con CD detéctase un lixeiro incremento de V2 a custa de V≥3 —cun balance aproximado entre eles de 6 puntos porcentuais— e V1 mantense na mesma proporción da media global.

Cando as funcións sintácticas que constitúen os esquemas con dous argumentos son SU e CD, as proporcións nas distintas posicións de V son practicamente idénticas ás medias globais. Algo similar acontece cando as funcións son SU e CO, aínda que nesta oportunidade se detecta un moi lixeiro avance de V≥3 de 2 puntos (que se retraen basicamente de V1). Son os esquemas con SU e CPS (inclúense atributo e predicativo) os que presentan un comportamento específico: neles, V1, sendo maioritario, descende ata o 48,7%, V2 ocupa a segunda posición moi preto do anterior co 43,4% e V≥3 sitúase un pouco por debaixo da media xeral co 7,9%.

O máis rendible dos esquemas triargumentais, con SU, CD e CI, amosa unha clara predilección por V1 (63,4%), cun 29,6% de V2 e un 7% de V≥3 (neste esquema son maioría

verbos de proceso Verbal e Relacional como *dizer* ou *mandar*, *vid.* §2.3.4. e n. 34). Cando o esquema está conformado por SU, CD e CO rexístrase unha minoración en V1 (56,1%), o mantemento na media de V2 (33,8%) e un pequeno aumento en  $V\geq 3$  (10,1%). Nos esquemas triargumentais con SU, CD e CPD localízase a proporción máis elevada de V1 (67,9%) e máis baixa de V2 (25,3%), con  $V\geq 3$  só un pouco por debaixo da media (6,8%); este resultado en parte vén motivado por estarmos diante de estruturas do tipo (6e), con maioría de subordinadas, fundamentalmente relativas. Pola contra, nos exemplos de esquemas con SU, CI e CO, V1 descende ata o 42,4% e V2 e  $V\geq 3$  soben ata o 44,5% e o 13,1%, respectivamente (adoitan ser oracións como (6g), cun constituínte léxico preverbal, neste caso CC, e cun CI maioritariamente clítico).

## 2.6. Explicitación do SU e posición de V

Como reflicte a figura 4 e xa se foi constatando, existe unha clara diverxencia en termos de posición de V se confrontamos as oracións con SU explícito coas que, posuíndoo, non o realizan. Cando existe un SU explícito detéctase unha preferencia por V2 (con case a metade de todos os exemplos), seguidos por V1 (con algo máis dos dous terzos das ocorrencias) e mais por  $V\geq 3$  con practicamente un 15%. Para o castelán antigo Elvira (2015: 31) indicou que «la colocación inicial del sujeto es un hecho bien extendido en la lengua medieval y es, sin duda, una de las circunstancias que favorecen la colocación del verbo en segunda posición». Fronte ós datos precedentes, nas oracións en que o SU non se explicita, V1 multiplica o seu peso ata quedar preto das tres cuartas partes dos exemplos, moi lonxe (a máis de 52 puntos porcentuais) atópase V2, con pouco máis das dúas quintas partes, e, por último,  $V\geq 3$  posúe unha presenza moi limitada pois non chega nin a un 4%.




Figura 4: Explicitación ou non do SU e posición de V.

Certamente, se do cómputo dos SU explícitos excluimos aqueles que son pronomes relativos, como se aprecia na figura 4, a proporción entre V1 e V2 aínda se afasta máis entre si e queda preto dos 30 puntos: V2 acapara máis da metade dos exemplos totais e  $V\geq 3$



tamén sobe ata case unha quinta parte, mentres que V1 descende ata pouco máis dunha cuarta parte do total.

Entre todas as ocorrencias de V1, os SU explícitos (exclúense os relativos) documéntanse nun 15,4% que, obviamente, aparecen pospostos. Cos exemplos de V2 os SU explícitos (novamente sen relativos) rexístranse no 57,1% dos casos, un 43% antepostos e un 14,1% pospostos<sup>44</sup>. En V≥3 os SU explícitos non relativos supoñen o 73,1%, o 67,2% preverbais e o 5,9% posverbais. A media global de posposicións do SU é do 14,3%. Para podermos contrastar os resultados cos doutras linguas diferenciamos entre independentes e subordinadas:

— Nas oracións independentes os SU pospostos en galego supoñen o 48,8% de todos os SU explícitos (relativos excluídos). Só coas oracións independentes, a partir dos datos de Sitaridou (2012: 563) podemos deducir que para o portugués antigo a proporción global de posposicións do SU («lexical + pronominal») é do 10,1%<sup>45</sup>. A propia Sitaridou lembra que «Crucially, verb–subject inversion is also very common in non-V2 languages, for instance, in null subject languages» (2012: 582).

— Nas subordinadas (completivas, relativas e adverbiais) os SU posverbais descenden ata o 35,6% dos SU explícitos (excluídos os relativos). A posposición global de SU («lexical + pronominal») nas subordinadas para o portugués antigo segundo os datos de Sitaridou (2012: 565) é do 7,1%<sup>46</sup>.

É importante constatar que nos textos analizados do galego medieval non se detecta unha correlación automática entre pospoñer o SU e antepoñer outro constituínte ó verbo para facilitar que este quede na segunda posición da súa estrutura oracional. Os SU pospostos ó verbo distribúense no noso corpus<sup>47</sup> entre V1 (62,7%), V2 (34,3%) e V≥3 (3%) e, como se comproba, son maioría os casos de V#2 co 65,6% do total. De novo, contrastamos os datos do galego cos doutras linguas, tratando illadamente independentes e subordinadas:

— Se calculamos só os casos de SU posverbal do galego medieval nas oracións independentes as proporcións obtidas son 53,9% de V2 e 46,1% de V#2. Os datos de posposición de SU («lexical + pronominal») que podemos calcular para as oracións independentes nas fases antigas dos catro romances estudados por Sitaridou (2012: 563, 569, 573 e 577) son os seguintes: V2 66,7% e V#2 33,3% (portugués), V2 75,9% e V#2 24,1% (castelán), V2 91,6% e V#2 8,4% (francés) e V2 66,7% e V#2 33,3% (occitano), bastante afastados dos rexistrados para o galego. A proporción entre as ordes V1 e V2 que atopa Fiéis (2003: 310) nas

<sup>44</sup> Se calculamos o que acontece no portugués arcaico a partir dos datos de Ribeiro (1995: 150), comprobamos que en V1 a proporción de SU explícitos, e pospostos, é do 10,7% (inferior á detectada por nós para o galego medieval), mentres que en V2 os SU antepostos suman o 42,1% dos exemplos, unha cifra practicamente idéntica á do galego (non puidemos calcular o dato dos SU posverbais).

<sup>45</sup> As porcentaxes que calculamos en xeral para as outras tres linguas a partir de Sitaridou son: 13% en francés antigo (2012: 569), 5,7% en occitano antigo (2012: 573) e 19,7% para o castelán antigo (2012: 577).

<sup>46</sup> Os datos para as outras tres linguas son: 1,5% en francés antigo (Sitaridou 2012: 569), 22% en occitano antigo (Sitaridou 2012: 573) e 24,6% para o castelán antigo (Sitaridou 2012: 577).

<sup>47</sup> Exclúense os exemplos procedentes do VR (aínda que realmente as diferenzas estatísticas con e sen o VR son mínimas).

oracións independentes con SU posposto no portugués arcaico (séculos XIII-XVI) é de 67% V1 – 33% V2<sup>48</sup>.

—Se nos fixamos só nas subordinadas completivas, relativas e adverbiais, a proporción para o galego medieval é do 13% para V2 e do 87% para V#2. En Sitaridou (2012: 565, 571, 575 e 579) os datos das oracións subordinadas son<sup>49</sup>: V2 16,7% e V#2 83,3% (portugués), V2 29,4% e V#2 70,6% (castelán), V2 90% e V#2 10% (francés) e V2 5% e V#2 95% (occitano). A análise de Fiéis (2003: 316) das subordinadas (completivas con conxunción) co SU posposto no portugués arcaico lanza a seguinte distribución: 91,3% V1 – 8,7% V2.

A situación amosada polos exemplos estudados do galego medieval (excluíndo o VR) está moi lonxe do esperable para unha lingua cun comportamento V2: centrándonos nas oracións independentes, un 47% dos exemplos con SU posposto son de ordes distintas a V2 (nomeadamente V1), e aínda que quedan lonxe dos detectados por Fiéis (2003) para o portugués arcaico (a 20 puntos porcentuais), tamén se atopan moi afastados dos rexistrados por Sitaridou (2012) para as fases medievais do portugués (case 14 puntos por riba) e do castelán (practicamente 23 puntos máis). No contexto das subordinadas a situación é semellante, cun predominio no galego medieval de V#2 só por debaixo dos datos ofrecidos por Fiéis (2003) para o portugués arcaico.

Kaiser (2002: 133) fundamenta a súa busca da propiedade V2 exclusivamente nas «deklarativen Matrixsätze mit realisiertem Subjekt» en que «liefern Sätze, die kein realisiertes Subjekt enthalten, keine eindeutige Evidenz für die strukturelle Position des Verbs, da keine zuverlässigen Aussagen über die Stellung des leeren Subjekts getroffen werden können». Aínda que cinguirnos só a esa análise minguaría a capacidade interpretativa e de xeneralización nunha lingua coma o galego medieval, (S)VO, pois deixaría de estudar, aproximadamente, a metade das oracións independentes declarativas<sup>50</sup> (sen SU realizado), máxime cando o obxectivo é inquirir a posición estrutural do verbo e non, primariamente de inicio, a do SU, polo que convén inequivocamente unha aproximación máis multifactorial e, precisamente por isto último, cómpre estudar tamén o galego medieval dende a perspectiva empregada por Kaiser (2002). A táboa 9 amosa a posición de V nas oracións independentes e coordinadas declarativas<sup>51</sup> con SU explícito no galego medieval.

%	V1	V2		V≥3
		SV(X)	XVS	
Contabilízase o VR	22,8	34,6	20,1	22,4
Exclúese o VR	21,4	37,2	20	21,3

Táboa 9: Posición de V nas oracións declarativas independentes e coordinadas con SU explícito.

<sup>48</sup> Neste punto Fiéis, reflexionando sobre o feito de que non se poida «falar de recurso sintáctico com o obxectivo de satisfacer V2», apunta: «na nossa opinião porque o PA [portugués arcaico] não é V2 como o FA [francés antigo]» (2003: 310).

<sup>49</sup> Todos os casos de V#2 son de V1.

<sup>50</sup> Independentes que, entre todas as declarativas do noso corpus, supoñen algo menos da quinta parte do total de oracións.

<sup>51</sup> Dos exemplos fornecidos por Kaiser (2002) compróbase que tamén incluíu esquemas coordinativos primarios.

Dos datos de Kaiser a partir de traducións bíblicas medievais (2002: 166) obsérvase que o castelán medieval presenta unha distribución V1 59,1%, V2 SV(X) 28,6%, V2 XVS 8,9%, V>2 3,4%, e o portugués antigo V1 42,7%, V2 SV(X) 42,2%, V2 XVS 11,9%, V>2 3,2%. Os moitos exemplos de V1 xustificáos polo estilo narrativo «deren Erzählstil häufig durch exzessives Aneinanderreihen meist konjunkional eingeleiteter Sätze charakterisiert ist» (Kaiser 2002: 154-155). Fronte a eles, o galego medieval amosa algunhas especificidades: a orde máis habitual é a que sitúa na posición preverbal só o SU (en V2), V1 é a seguinte en preferencia, pero moi afastada dos datos de Kaiser, V $\geq$ 3 posúe moitos máis exemplos cós detectados por Kaiser en castelán (seis veces máis) e portugués (seis veces e media máis) medievais, finalmente, os casos de XVS en V2 tamén son en galego máis altos cós do castelán (duplicándoos) e do portugués (1,7 veces máis). A falta de analizarmos a situación do galego contemporáneo, o cadro debuxado para o galego medieval encaixa mal co dunha lingua V2, primeiramente, pola cifra e variación detectada en V $\geq$ 3, só por debaixo, pero moi preto da que amosa o portugués moderno co 25,2% (cfr. Kaiser 2002: 166) e, secundariamente, pola cantidade de V1. Fixándonos nas ocorrencias de XVS, que serían as que en principio si se asociarían máis cunha V2, comprobamos que na sexta parte destas oracións non hai CD (cfr. 2.3.4.) e, cando se rexistra esta función sintáctica, a metade dos CD son ou secuencias en estilo directo dependentes dun *verbum dicendi* ou completivas (en construcións, obviamente, marcadas).

A maiores, consideramos relevante calcular o índice de anteposición verbal (IAV) entre as ocorrencias de V2 (sen o VR). Para obtelo comprobamos a proporción que supón o constituínte anteposto entre todos os constituíntes existentes na oración (un anteposto e todos os que aparecen pospostos a V e son susceptibles de se antepoñeren e de contaren a efectos da orde)<sup>52</sup>. Os resultados recólleos a táboa 10:

%			IAV		IAV
V2	SU explícito	SU preverbal	47,3	Independentes e coordinadas	43,3
				Subordinadas	51,2
		SU posverbal	35,9	Independentes e coordinadas	35,7
				Subordinadas	40
	SU non realizado		49,5	Independentes e coordinadas	42,8
				Subordinadas	66,5

Táboa 10: Índice de anteposición verbal en V2 (sen o VR).

Os índices xerais máis elevados rexístranse cando os SU non se realizan ou cando, explicitados, ocupan unha posición anteverbal. É moi significativo que o índice de AV nos casos de SU posverbal sexa o máis baixo, a máis de 11 ou 13 puntos porcentuais dos anteriores. Obsérvase tamén que o índice é sempre maior nas subordinadas ca nas independentes/coordinadas e, de novo, os datos para os casos de SU posverbal son sempre

<sup>52</sup> Así, un índice do 100% implicaría que en todas as oracións só hai un constituínte, alén de V, e este sempre vai nunha posición preverbal (e V en posición final); por outra banda, dun índice do 0% deduciríase que todos os constituíntes van sempre pospostos a V (e V sempre en posición inicial).

os máis baixos. Que se concentren máis constituíntes a dereita de V cando os SU se pospoñen non encaixa ben cun hipotético desprazamento de constituíntes á esquerda de V para ‘equilibrar’, se se buscasse V2, os casos de SU pospostos.

En Rodríguez Guerra (2022) estudáronse algúns parámetros que amosaron a súa pertinencia á hora de se asociaren no galego medieval cunha maior presenza de SU léxicos. Entre eles destacan (i) o carácter [+inanimado] do SU, (ii) as terceiras persoas do verbo (do singular e do plural), (iii) as subordinadas de relativo, (iv) os tempos compostos auxiliados por *seer*, (v) os esquemas monoargumentais, (vi) os procesos verbais existenciais ou (vii) algúns verbos concretos como *seer* atributivo, *andar* ou *vñir*. Aínda que algúns deles se poden asociar cunha preferencia por V1 (iii) ou por V2 (iv; *vid.* §2.3.3.), o certo é que a maioría ou non inflúen (ii, v e vi), ou presentan un comportamento heteroxéneo (vii). O relevante é, xa que logo, a interrelación que se produce entre explicitación do SU e a posición V#1.

No entanto, é preciso desenvolver de xeito específico o primeiro dos trazos anteriores, (i), o parámetro da animación dos SU. A figura 5 ofrece os resultados distinguindo entre SU explícitos e non explícitos (inclúense relativos):

—Cando non se realiza lexicamente o SU, con independencia do seu carácter [+humano] ou [+inanimado], non se detectan variacións significativas na posición do verbo.

—Mais cos SU explícitos a animación resulta relevante porque son os SU [+humanos] os que inverten a tendencia e, con eles, os casos de V2 son maioritarios sobre os de V1 (a máis de 20 puntos porcentuais de distancia), cousa que non acontece cos SU explícitos [+inanimados], e V $\geq$ 3 que tamén ascende de xeito importante.




Figura 5: Animación do SU (inclúense pronomes relativos) e posición de V.

Se do cómputo dos SU explícitos excluímos os que son pronomes relativos, V2 pasa a ser maioritario tanto cos SU [+humanos] (56,5%) coma cos [+inanimados] (52,2%); a distancia entre eles en V1, que obviamente diminúe a súa presenza, redúcese pero

mantense nos 15 puntos porcentuais (cos SU [+humanos] no 22,9% e os [+inanimados] no 38,2%); e  $V \geq 3$  que, neste caso, aumenta aínda máis a distancia entre os [+inanimados] (9,6%) e os [+humanos] (20,6%).

Complementariamente, atópase o feito de que só o 39,8% dos SU explícitos<sup>53</sup> [+inanimados] antecede o verbo, mentres que cando os SU son [+humanos] o 63,4% deles preceden o verbo (máis de 23 puntos porcentuais de diferenza). A menor ou maior prototipicidade destes SU e os seus efectos na colocación pos/preverbal (*cfr.*, p. ex., Rodríguez Guerra 2005: 56-57) repercute indirectamente na diminución ou aumento de  $V2/V \geq 3$ . Se examinamos exclusivamente aqueles casos de  $V2$  en que o SU é o constituínte que precede o verbo, cando o SU é [+inanimado] esta función é a que antecede a  $V$  no 61,2% das ocorrencias, mentres que cando o SU é [+humano] este valor sobe ata o 78,3% dos exemplos. Con  $V \geq 3$  a proporción con que o SU é unha das funcións que se antepón ó verbo é do 81,6% entre os SU [+inanimados] e do 93% entre os SU [+humanos].

### 3. CONSTITUÍNTES FUNCIONAIS QUE SE ANTEPOÑEN A V

Ó igual que acontece noutras linguas<sup>54</sup>, son moi diversos os constituíntes funcionais que se antepoñen a  $V$ . A táboa 11 recolle os principais dos detectados no noso corpus do galego medieval.

%	V2	$V \geq 3$ <sup>55</sup>
<b>SU</b>	42,7	30,5
<b>CD</b>	7,3	7
<b>CI</b>	1,7	2,2
<b>CO</b>	8,4	7,7
<b>CP</b>	2,3	2,5
<b>CC</b>	34,3	47,6

Táboa 11: Distribución das principais funcións sintácticas preverbalis<sup>56</sup>.

Para  $V2$  advírtese que as distintas funcións sintácticas que se adiantan, en exclusiva, a  $V$  poden agruparse en catro niveis de produtividade:

- A función de SU é a que se antepón ó verbo nun maior número de casos (excedendo as dúas quintas partes) e, entre as funcións sintácticas argumentais, atópase a moita distancia da segunda, o CO (5 veces máis).
- En segundo lugar, con algo máis dun terzo dos exemplos, atópanse os CC.
- Moi afastadas das anteriores rexístranse outras dúas funcións, de novo argumentais, CO e CD, que podemos caracterizar como pouco rendibles pois están na franxa do 8~7%.
- Finalmente, funcións como o CP ou o CI teñen unha presenza moi escasa nestes contextos de anteposición en  $V2$ .

<sup>53</sup> Para o cálculo séguense a excluír os pronomes relativos SU.

<sup>54</sup> *Cfr.* Elvira (2015) para o castelán medieval ou Fiéis (2003: 308) para o portugués arcaico.

<sup>55</sup> As porcentaxes en  $V \geq 3$  ofrécese sobre o total de funcións contabilizadas en anteposición ó verbo.

<sup>56</sup> Destes cálculos exclúense os clíticos e os pronomes relativos.

Concentrando o foco nos exemplos de  $V \geq 3$ , só se detecta unha variación no sentido de maior presenza de CC e diminución dos SU (que, aínda así, conservan un peso próximo a un terzo do total), algo lóxico se temos en conta que non pode existir máis de «una posición para sujeto y objetos en la estructura oracional, salvo que recurramos a la coordinación o la aposición» (García-Miguel 2006: 1323), mentres que o número de CC non presenta inicialmente esa restrición, de feito, a media de CC por oración nos exemplos de  $V \geq 3$  —á marxe da súa posición— é de 1,31 (a media de CC en exemplos de V2 por unidade oracional é de 0,63, e nos casos de V1 descende ata 0,35).

A táboa 12 permite coñecer a frecuencia con que cada un deses constituíntes oracionais adoita antepoñerse ou non ó verbo:

%	Anteposto a V	Posposto a V
<b>SU</b>	58,7	41,3
<b>CD</b>	9,2	90,8
<b>CI</b>	15,6	84,4
<b>CO</b>	15,7	84,3
<b>CPS</b>	12,9	87,3
<b>CC</b>	39,6	60,4

Táboa 12: Proporción con que distintas funcións se antepoñen<sup>57</sup>, ou non, a V.

Vistos os datos da nosa análise, entre as funcións sintácticas argumentais só hai unha, e moi lonxe das demais, que aparece prototipicamente anteposta ó verbo: o SU. Esta función rexístrase antecedendo a V practicamente en 6 de cada 10 exemplos (lembrems que non se están contabilizando os relativos). O resto de funcións argumentais sitúanse afastadas dos datos do SU: a oscilación vai dende o CD, que presenta seis veces menos anteposición, ata os CPS/CI/CO, que amosan unha rendibilidade 4,6~3,7 veces inferior á do SU. Polo que se refire ós CC, a media global indica que, aínda que a posición maioritaria é a posposición, practicamente catro de cada dez aparecen antepostos ó verbo. Agora ben, o comportamento varía en función do número de CC que compartan unidade oracional:

—Cando unicamente hai un CC, a proporción con que se antepón ó verbo está só un pouco por debaixo desa media global (concretamente, 38,9%).

—Se unha oración posúe dous CC, o primeiro anteponse no 61% das ocasións e o segundo no 20,5%.

—Por último, cando na mesma unidade oracional coexisten tres CC, o primeiro anteponse no 79,1% dos exemplos, o segundo anteponse no 33% e o terceiro no 10,4%.

Na figura 6 represéntase, cun deseño que na súa anchura respecta a proporcionalidade estatística dos datos globais, o peso que á esquerda ou á dereita do verbo rexistran os diferentes constituíntes sintácticos agrupados en tres bloques<sup>58</sup>. O

<sup>57</sup> Exclúense novamente clíticos e pronomes relativos.

<sup>58</sup> Non se teñen en conta as unidades clíticas ou pronomes relativos; as distintas funcións, nomeadamente os CC, agrúpanse en bloques únicos e non en diferentes posicións relativas para facilitar a lectura. Lembremos que unha das características asociadas habitualmente ós CC é a súa «alta mobilidade en la oración», así, mentres os CO «se mueven con dificultad» a maioría dos CC «no tiene la necesidad de aparecer de forma canónica en posición inmediatamente pospuesta al verbo» (Chacón García 2022: 82). Dunha revisión non

resultado non só visualiza a concentración de constituíntes á dereita do verbo, senón que permite percibir graficamente a maior ou menor desproporción entre eles.




Figura 6: Esquema do reparto posicional de constituíntes en relación a V.

Na táboa 12 vimos como é o reparto xeral das funcións sintácticas consonte a súa posición en relación con V. De maneira complementaria, na táboa 13 discrimínase a posición das funcións sintácticas a partir da súa aparición en construcións de V2 ou de V $\geq$ 3.

%	V2		V $\geq$ 3	
	XV	VX	XV	VX
<b>SU</b>	75,6 (75,3)	24,4 (24,7)	92,4 (91,9)	7,6 (8,1)
<b>CD</b>	14,6 (17,8)	85,4 (82,2)	14,3 (33,8)	85,7 (66,2)
<b>CI</b>	28,9 (29,1)	71,1 (70,8)	33,3 (57,6)	66,7 (42,4)
<b>CO</b>	27,4 (30)	72,6 (70)	28,6 (47,8)	71,4 (52,2)
<b>CPS</b>	17,4 (21,9)	82,6 (78,1)	30,3 (43,1)	69,7 (56,9)
<b>CC</b>	54,6 (56,8)	45,4 (43,2)	79,4 (70,3)	20,6 (29,7)

Táboa 13: Proporción de anteposicións (XV) e posposicións (VX) a V das funcións sintácticas (en V2 e V $\geq$ 3)<sup>59</sup>.

De xeito moi destacado, é a función de SU a que máis se antepón a V: en 3 de cada 4 exemplos en V2 ou en algo máis de 9 de cada 10 en V $\geq$ 3. Despois do SU, é novamente o CC a función que demostra maior querenza pola anteposición, de xeito bastante máis acusado en V $\geq$ 3 (con preto de 4 de cada 5 casos) ca en V2 (cun reparto máis equitativo). O resto das funcións son, nidiamente, posposicionais: en V2 con algo máis dunha cuarta parte de anteposicións están o CI e o CO e xa, máis lonxe, coa menor proporción de posicións preverbaís están o CPS e o CD; en V $\geq$ 3 hai tres funcións que se sitúan ó redor do 30% de anteposicións (CI, CPS e CO) e, neste caso, a bastante diferenza de todas as demais (nunha proporción semellante á de V2) atópase o CD.

Partindo do feito de que no galego medieval as funcións de CI e, sobre todo, CD se pospoñen maioritariamente ó verbo (non se contabilizan nin clíticos nin pronomes relativos), a taxa de redobro que rexistramos coa anteposición destes constituíntes léxicos é baixa para o CD, pero é significativamente máis alta para o CI. Con esta última función a taxa de redobro oscila de algo máis dunha quinta parte dos casos en V2, a algo máis da

---

exhaustiva dos nosos datos, semella que son os CC de tempo os que prefiren a anteposición, mentres que os modais e os locativos priorizan a posposición. Aínda que García-Miguel non ofrezca directamente o dato para o castelán medieval, se revisamos os 18 exemplos que cita de complementos locativos non valenciais (2006: 1283-1286), verificamos que un terzo aparece anteposto ó verbo e dous terzos pospostos a el.

<sup>59</sup> Exclúense clíticos e pronomes relativos. A primeira cifra exclúe do cómputo os exemplos do VR; a da dereita, entre parénteses, ten en conta todos os tipos textuais.

cuarta parte en  $V \geq 3$ ; co CD quedamos moi lonxe das cifras anteriores: 5 veces menos en V2 e 4,5 veces menos en  $V \geq 3$ :

—En V2: CD 4% (15a) / CI 21,7% (15b).

—En  $V \geq 3$ : CD 5,9%(15c) / CI 27,3% (15d).

Ademais, como se aprecia para ambas as funcións sintácticas, a proporción de redobro en  $V \geq 3$  é levemente máis alta (case 2 puntos porcentuais co CD e máis de 5 co CI) ca en V2.

- (15) a. et [*toda a terra da Gascona*]<sub>CD</sub> [*meteua*]<sub>V2</sub> so seu seniorio (TCX 17)  
 b. Et [*a el rrey Nástor*]<sub>CI</sub> [*pesoulle*]<sub>V2</sub> moyto (CT 216)  
 c. [*Este cantar*]<sub>CD</sub> [*o menño*]<sub>SU</sub> [*atan ben*]<sub>CC</sub> o [*cantava*]<sub>V4</sub> (CSM 006)  
 d. et [*Jaasõ*]<sub>CI</sub> [*quando esto oyo*]<sub>CC</sub> [*creçeü*]<sub>V3</sub> lle o coraçõ por rrazõ da onrra et do noble feyto (HT 18)

Os datos do castelán antigo que manexa Pinto (2015: 75) para a orde OV manifestan a ausencia maioritaria do redobro clítico do obxecto dende o s. XII (co 75% de ausencia) ata o xv (87,5% de ausencia), porcentaxe que diminúe nos dous séculos seguintes ata o 54,5% no s. xvii. Segundo este autor a «orden O-V sin duplicación» é unha proba máis do «carácter V2 en el español antiguo» (Pinto 2015: 76). Pinto (2011: 144-152) dos catro aspectos diferenciadores que detectou entre as dúas fases na historia do castelán, dous son de natureza clítica: a posición dos pronomes persoais átonos e o redobro clítico. Sendo conscientes de que os clíticos precisan dun estudo e tratamento individualizado, non podemos esquecer que o denominado redobro clítico foi a culminación da existencia nas linguas románicas das dúas series de pronomes persoais (un dos grandes cambios innovadores no paso da sintaxe latina á romance), «que deja patente el abismo que hay entre el romance y el latín» (Riiho 1988: 145). Neste estudo xa clásico sobre o redobro clítico nos iberorromances medievais, Riiho (1988) comprobou diferentes variables como orde de constituíntes, animación, determinación, función sintáctica, xénero neutro, tipo de unidade e marcaxe preposicional. Nas conclusións resáltase que estamos diante dun «fenómeno poligenético», que por veces «facilita la interpretación» oracional e tamén axuda a crear unha «mayor cohesión en la construcción» (1988: 142). No período medieval dos iberorromances «La falta de obligatoriedad de la duplicación» e o «carácter fortuito de todo el fenómeno» apuntan segundo Riiho «a un grado modesto de petrificación» (1988: 145). Mais o propio Riiho afirma que «Nada impide postular, para la fase medieval, la existencia de una conjugación objetiva», e o seu comportamento «no deja lugar a dudas y nos permite describirla como un sistema de afijos dependientes del verbo», iso si, «este sistema es facultativo y [...] no puede compararse con la conjugación objetiva que tiene la lengua vasca» (1998: 145). En todo caso, o relevante para o espazo estrutural ocupado polo redobro clítico é que «es evidente [...] que estamos ante unas conjugaciones objetivas muy rudimentarias» (Riiho 1988: 146).

Benincà, despois de constatar que «Old Spanish, Portuguese and French have very few cases of V3» (2004: 278-279), refírese ó feito de que mentres nestas linguas o primeiro dos dous constituíntes antepostos ó verbo adoita ser (segundo a Fontana 1993) un «circumstantial adverb or phrase», no romance italiano «we can find two Noun Phrases preceding the verb: if neither has a clitic copy, the leftmost one is the subject, the object is adjacent to the verb» (2004: 279). No galego medieval (excluíndo clíticos e relativos) os



dous constituíntes preverbais que máis se combinan en V3 son o SU e o CC, e fano case na metade das ocorrencias: en seis de cada dez exemplos o SU vai antes que o CC (este SU é [+humano] no 92,9% e os CC adoitan ser de tempo —a maioría oracións subordinadas—), e en catro de cada dez o CC é o que precede o SU (dous terzos destes CC son de tempo, maioritariamente adverbios, mentres que os SU son [+humano] no 87,4%). Este comportamento da colocación relativa do SU preverbal en V3 mantense coas outras funcións sintácticas pois, p. ex., precede o CO no 87,2% dos casos, o CD no 71,4% ou o CP no 93,3%<sup>60</sup>. Outra das combinacións rendibles en V3, co 14,2% dos casos, é a de apareceren dous CC antepostos ó verbo (na metade destes exemplos o primeiro CC adoita ser de tempo, o segundo presenta unha tipoloxía máis variada). Cando o CC combina co CD (6,9%) e CO (6,7%), é o CC o constituínte que adoita ir primeiro (co 66,7% e 55,3%, respectivamente).

Certamente, outro dos aspectos importantes relacionados coa posición do verbo finito na oración ten que ver co número de funcións que se poden situar tanto á súa dereita coma á súa esquerda. Necesitamos coñecer o comportamento e a interrelación que se produce, non só para pescudar os casos en que V queda nunha posición final (cando o resto de funcións oracionais se antepoñen a el), senón tamén para descubrir como son as proporcións con que as funcións se sitúan á esquerda ou á dereita. Na táboa 14 ofrécese a distribución a partir do número total de funcións sintácticas (poñemos o límite en 5 xa que a partir desa cifra a cantidade total de exemplos redúcese drasticamente) que acompañan un verbo na súa oración e a súa colocación pre/posverbal.

%	Antepostas	Pospostas
Nº de funcións totais		
<b>1</b>	23,2	76,8
<b>2</b>	30,7	69,3
<b>3</b>	34,6	65,4
<b>4</b>	38,5	61,5
<b>5</b>	38	62
<b>Media</b>	31	69

Táboa 14: Proporción de funcións oracionais (clíticos e relativos excluídos) antepostas ou pospostas a V.

O primeiro que se advirte é que os constituíntes sintácticos adoitan aparecer maioritariamente pospostos a V: a media global sitúa esta cifra no 69% (por un 31% de anteposicións). Agora ben, a distribución vai variando en función do número total de funcións: cantas menos hai, máis alta é a proporción de funcións pospostas, e segundo aumenta o número de funcións nas unidades oracionais (polo menos ata o número de cinco), van diminuindo as posposicións e aumentando, en idéntica medida, as anteposicións. Sexa como for, estamos a falar de porcentaxes moi altas de posposición (76,8% cando só hai unha función oracional que descende, p. ex., ata o 62% cando son cinco as funcións).

<sup>60</sup> Realmente só rexistramos un único exemplo coa orde relativa contraria: trátase dun CPD no VR e, nel, o pronomes persoal suxeito *eu* está reconstruído: *por gran mercee vo-lo [eu] terrei* (LP 25,63).

Se realizamos unha aproximación ó reparto de SU, CD, CI, CO e CC antepostos a V en función das tipoloxías oracionais (*vid.* §2.4.) e o confrontamos cos xerais da táboa 12, obtemos os seguintes resultados:

—SU: nas independentes e nos  $M_{\geq 2}$  dos ECP están por debaixo da media (sobre todo os segundos), nas bipolares atópanse na media e nas subordinadas e nos  $M_1$  dos ECP sitúanse por riba da media.

—CD: Nas coordinadas e independentes a súa anteposición está un pouco por debaixo da media, mentres que nas subordinadas e bipolares se atopa por riba dela.

—CI: Nas independentes e coordinadas antepónse menos ca na media, e nas subordinadas está levemente por riba dela; pola contra nas bipolares hai unha anteposición que multiplica por máis de 2 a media xeral. Son exemplos como (16a) na LP ou (16b) nas CSM.

—CO: Nas independentes e coordinadas volve estar por debaixo da media (nestas últimas, fundamentalmente, nos  $M_{\geq 2}$ ), mentres que nas subordinadas e, sobre todo, nas bipolares, está por riba dela.

—CC: Nas subordinadas e nos  $M_{\geq 2}$  dos ECP a súa anteposición a V é bastante inferior á media; nas independentes e nas bipolares están practicamente 9 puntos por riba da media; por último, nos  $M_1$  dos ECP a anteposición dos CC a V multiplica por 1,5 a cifra media da táboa 12.

(16) a. pois [*a vós*]<sub>CI</sub> [*praz*]<sub>V2</sub> én (LP 7,14)

b. A Virgen Santa María tant' é de gran pïedade, | que [*ao pecador*]<sub>CI</sub> [*colle*]<sub>V2</sub> por feito a vontade (CSM 045)

Concluimos cunha revisión de V cando este ocupa a posición final (VF), de xeito paralelo a como se fixo en traballos coma a *GGHF* para o francés antigo. Nesta obra, despois de confirmar que o verbo conxugado en posición final, «qui peut concerner toute position du verbe : V1, V2, V3, etc.» e que «est également une construction qui, à la suite du latin, conserve quelque importance en AF [ancien français]», sublíñase que «sa présence serait également quelque peu inattendue dans une "langue V2", en déclaratives spécialement» (2020: 1.175). No corpus do galego medieval estudado, VF detéctase nun 20,4% das oracións<sup>61</sup> e estes casos con verbo final concéntranse fundamentalmente en exemplos de V1 co 41,7% e V2 (17c) co 42,3%, e a moita máis distancia deles  $V \geq 3$  co 16% (17d).

Mais, fronte a esta distribución dos exemplos de VF segundo as diferentes posicións de V, cómpre destacar a rendibilidade real que en cada unha delas supoñen os casos de VF: dende esta perspectiva é salientable que coas ocorrencias de V1 a porcentaxe de VF se reduce ó 14,8%, porcentaxe que aumenta entre os casos de V2 ó 25,4% e que segue ascendendo ata o 37,4% nos exemplos de  $V \geq 3$ . Resulta tamén significativa a evolución de VF en función de que contabilicemos o VR ou non: se incluímos a produción en VR do s. XIII, a proporción de VF neste século supón un 28,4%, porcentaxe que baixa ata o 14,8% se se exclúe o VR; no s. XIV VF supón un 17,4% e o 15,8% no s. XV<sup>62</sup>.

<sup>61</sup> Ledgeway (2017: 169, n. 19) para o *Itinerarium Egeriae* sinala que nas «root clauses», excluindo do cómputo os exemplos de V1, existe un 19,3% co VF.

<sup>62</sup> Se calculamos na *GGHF* a media das porcentaxes de VF en francés antigo (inclúense obras en verso), entre os séculos IX e XII é do 26%, baixa ó 18% entre os séculos XIII-XV e redúcese ó 13% nos dous textos dos

Dende a óptica dos esquemas sintácticos segundo o seu número de argumentos, os casos de VF supoñen un 47,3% dos esquemas monoargumentais —*chorauã* en (17a)—, baixan nos biargumentais ó 18,7%, (17b), (17c) e (17d), e nos triargumentais diminúen ata o 11%<sup>63</sup>.

Con V2 e VF as principais funcións sintácticas que se antepoñen ó verbo son: SU 35,4% (17c), CC 23,3%, CO 18,8%, CD 13,8% e CP 4,4%.

Dende a perspectiva das tipoloxías oracionais, os exemplos con VF representan unha parte relativamente importante das subordinadas cunha media global do 30,9% —37,1% nas relativas (17c)<sup>64</sup>, 32,3% nas adverbiais (17d) e 19% nas completivas (17b)—. Se dentro das subordinadas distinguimos a proporción de VF segundo as tres grandes posicións do verbo, obtemos que, de media, VF supón en V1 o 21,6% —con completivas coa porcentaxe máis baixa, 16%, e relativas a máis alta co 25,1%—, en V2 o 47,3% —cunha oscilación máis acusada entre o 22,4% de completivas e o 62% de relativas— e en V≥3 o 61,2% —sendo novamente as completivas as de rendibilidade inferior co 47,6% e, neste caso, as adverbiais coa maior co 70%—. VF case supón unha cuarta parte dos exemplos das bipolares, porcentaxe que oscila entre o 14,3% en V1, o 28,1% en V2 e o 52,4% en V≥3. Finalmente, nas coordinadas, *chorauã* en (17a), co 11,1% —co 8,1% en V1, 11,5% en V2 e 28,3% en V≥3— e, sobre todo, nas independentes co 4,3% —con só un 1,6% en V1, 3,4% en V2, 10,7% en V3 e 35,7% en V≥4—<sup>65</sup>, rexístrase unha marcada menor presenza de VF.

Se analizamos a proporción con que se localiza VF nas diferentes tipoloxías textuais manexadas, compróbase que nas obras que conforman a prosa presenta unha grande homoxeneidade pois atópase entre o 15,3% e o 17,8% (*PR*, *PH*, *PL* e *PN*). Situación distinta é a amosada pola lírica: no *VR* o VF supón unha media do 32,5% —cun 22,4% en V1, 36,6% en V2 e 53,7% en V≥3—. Por contraposición ó visto en §2.2., a proporción media do VF na *LP* e nas *CSM* é moi semellante, cun 31,5% e un 34,6%, respectivamente.

- (17) a. Mays [*chorauã*]<sub>V1</sub> et fazíã doo por quanto mal alý viján (*CT* 231)  
 b. et temēdose que os [*mataria,*]<sub>V1</sub> (*HT* 15)  
 c. Aquel lais que [*el*]<sub>SU</sub> [*cantava*]<sub>V2</sub> era da Madre de Deus (*CSM* 008)  
 d. mentr' [*eu*]<sub>SU</sub> [*hu ela é*]<sub>CO</sub> | [*for*]<sub>V3</sub> (*LP* 11,13)

---

séculos XVI e XVII (*GGHF* 2020: 1.174, táboa 15). Se excluímos as obras poéticas, as porcentaxes son: 16%, 18,3% e 13%, respectivamente.

<sup>63</sup> Aínda que con outra metodoloxía, Ledgeway para o latín do *Itinerarium Egeriae* indica que os casos de VF se distribúen entre estruturas «unaccusative» e «transitive» cunhas porcentaxes do 73% e 27%, respectivamente, que xustifica «inasmuch as the former take less arguments than the latter thereby producing V-final structures more frequently whenever one or more constituents are fronted» (2017: 169-170, n. 19).

<sup>64</sup> Se nos cinguimos ás relativas na *PN*, nelas o V final detéctase no 21,9% dos exemplos con, polo menos, un constituínte léxico. Este dato podémolo contrastar coa revisión, propia, do *Testamento de Afonso II* e do *Foral do Burgo de Caldelas*: no primeiro o verbo ocupa a posición final en menos de tres de cada dez ocorrencias (cfr. Monteagudo 2008: 547, n. 19), mentres que no segundo esta proporción ascende e queda lixeiramente por debaixo da metade dos exemplos (non esquezamos que este *Foral* é tradución do latín).

<sup>65</sup> Cos datos ofrecidos por Ledgeway (2017: 169-170, n. 19) exclusivamente para VF nas «root clauses» do *Itinerarium Egeriae* realizamos un cálculo propio das porcentaxes, que serían: V2 13,7%, V3 37,8% e V≥4 48,5%. Apréciese a coincidencia na gradación da escala aínda que con diferente proporcionalidade.

#### 4. A NEGACIÓN *NON* E A POSICIÓN DE *V* NO GALEGO MEDIEVAL

Para o galego medieval López Gato (1991: 270) confirma que «a partícula máis frecuente para marca-la negación conxional ou total» é *nõ*, que precede o verbo, ou de xeito contiguo, ou con algún clítico entre ambos<sup>66</sup>. Camus Bergareche sinala que no castelán medieval o procedemento habitual para a negación oracional consistía na «anteposición del adverbio de negación al verbo» (2006: 1167). Este mesmo autor define ámbito da negación como o «dominio sintáctico afectado por la negación», e indica que «el elemento negativo siempre precede a su ámbito» así como que o elemento negativo «ocupa en la estructura sintáctica una posición de la que dependen los constituyentes que son afectados por ella» (2006: 1167-1168).

No noso corpus do galego medieval a negación *non*, presente nun 6,5% dos exemplos, localízase maioritariamente en contextos de V1 (60,4%), seguidos por V2 (31,7%) e V≥3 (7,9%). Certamente, esta distribución provocaría que, se se contabilizase a negación como un constituínte máis, diminuísen os casos de V1 e aumentasen os de V2 e V≥3. Se realizasemos un novo cómputo cos exemplos do noso corpus incluíndo *non* como constituínte, obsérvase que a distribución xeral resultante diminuíría 4 puntos en V1 (53,5%) e aumentaría, equitativamente, 2 puntos en V2 (35,7%) e outros 2 en V≥3 (10,8%).

Dende a perspectiva cronolóxica o século máis afectado sería o XIII (cunha baixada de algo máis de 5 puntos en V1 e un aumento de 2 en V2 e de 3 en V≥3; o s. XIV está na media e o XV[-XVI] é o que menos alteración sufriría con só unha redución en V1 de 3 puntos. Esta situación débese, sobre todo, ó feito de que é o VR (do s. XIII) o que concentra máis casos de *non*: que diminuíría 6 puntos porcentuais en V1, incrementaría algo máis de 2 puntos en V2 e case 4 en V≥3. Se analizamos separadamente as dúas grandes fontes textuais do VR, comprobamos que, mentres que nas CSM a flutuación sería moi pequena (V1 non chegaría a diminuír 2 puntos, V2 só subiría unhas décimas e V≥3 algo máis de 1 punto), na LP rexistrárase un descenso en V1 de máis de 8 puntos, un ascenso de V2 que non chegaría a 3 puntos e unha suba en V≥3 de 5 puntos porcentuais.

Se adoptamos a perspectiva dos esquemas sintácticos, as alteracións nos biargumentais atoparíanse dentro da media xeral, nos monoargumentais V1 diminuíría máis de 5 puntos e nos triargumentais V1 baixaría practicamente 3 puntos.

Dos procesos verbais considerados en §2.3.1., é o Mental o que máis mudaría as porcentaxes, cunha diminución de 8 puntos en V1 e un acrecentamento de cadanseus 4 puntos en V2 e V≥3.

As persoas verbais que máis verían alteradas as súas proporcións son a P1 e a P5<sup>67</sup>: na P1 V1 baixaría 5 puntos porcentuais (subiría 3 V2 e 2 V≥3), mentres que na P5 V1 descendería 9 puntos que subirían V2 (4 puntos) e V≥3 (5 puntos). Coas perífrases verbais a minoración de V1 sería de 7 puntos e V2 e V≥3 ascenderían 3 e 4, respectivamente.

Verbo da tipoloxía oracional, a flutuación en independentes e coordinadas sería mínima. As subordinadas atópanse na media xeral, pero é certo que o subtipo que máis mudaría sería o das completivas, cunha baixada de 8 puntos en V1, suba de máis de 5

<sup>66</sup> Para os esquemas coordinativos oracionais negativos, López Gato indica que «A estrutura máis frecuente é *nõ + V. + nẽ + V.*» (1991: 274).

<sup>67</sup> A P2 tamén sufriría bastante variación, pero como o número total de exemplos desta persoa é realmente baixo, a marxe de erro aumentaría moito.

puntos en V2 e de máis de 2 en  $V \geq 3$ . Pola súa banda, as bipolares tamén flutúan e diminuírían 9 puntos en V1, mentres que subirían 4 puntos en V2 e 5 en  $V \geq 3$ .

En definitiva, contabilizáremos *non* como un constituínte máis a efectos da posición que ocupa V tería a repercusión matematicamente agardada ó ser, na maioría das ocasións, o único elemento anteposto ó verbo: de aí o descenso de V1 contrapesado cun aumento tanto en V2 coma en  $V \geq 3$ . Fóra desta repercusión xeral, non detectamos moitas desviacións da redistribución media salvo, quizais, *LP* dentro do *VR* no s. XIII, os verbos clasificados como mentais, completivas e bipolares.

## 5. EN SÍNTESE E COMO CONCLUSIÓN: É O GALEGO MEDIEVAL UNHA LINGUA V2?

A ausencia de traballos específicos previos para o galego medieval, así como a forte variación detectada para outros romances medievais, fíxonos decantar por un estudo que tivese en conta abondosos parámetros de análise que posibilitasen enxergar a complexidade dunha lingua nun período de relativa escaseza documental e ó que só podemos acceder a través de fontes escritas. Non se esgotaron todos os factores posibles, entre outras causas por limitacións históricas de natureza textual, mais os diferentes datos obtidos e analizados permiten deducir que o comportamento do galego medieval non era prototipicamente o dunha lingua V2 coma o alemán actual. Son tantos os casos de V#2 — nomeadamente de V1, pero tamén de V3— que dificilmente se pode soste unha visión da oración galega medieval orientada dende a segunda posición. Resúmeo, partindo do portugués antigo pero extrapolándoo a outras linguas, Martins cando conclúe «But the fact that some unequivocal non-V2 structures are a grammatical option in a particular language constitutes sufficient evidence against a V2 classification, under generally accepted terminology» (2019: 21).

Aínda que o obxectivo central desta investigación foron as posicións absolutas do verbo na oración galega medieval, para interpretarmos adecuadamente os datos textuais é preciso coñecer tanto a periferia esquerda do verbo coma a dereita e, sempre, atendendo tanto a argumentos coma a adxuntos. Como xa se adiantou na táboa 14, que se completa agora coa táboa 15, a posibilidade de optar por V2 cando só hai un constituínte (X) na oración é (moi) minoritaria.

%	XV	VX
<b>Independentes</b>	10,7	89,3
<b>Coordinadas</b>	11,2	88,8
<b>M<sub>1</sub></b>	26,8	73,2
<b>M<sub>≥2</sub></b>	9,2	91,8
<b>Subordinadas</b>	27,7	72,3
<b>Completivas</b>	13,2	86,8
<b>Relativas<sup>68</sup></b>	31,8	68,2
<b>Adverbiais</b>	33,6	66,4
<b>Bipolares</b>	26,2	73,8
<b>Media</b>	23,2	76,8

Táboa 15: Proporción de anteposición (XV) ou posposición (VX) a V cando só hai un constituínte na oración.

Naqueles contextos con maior anteposición, adverbiais e relativas, as porcentaxes móvense na órbita do 31%/33%, isto é, un terzo do total. Dos datos da táboa 15 pode, mesmo, chamar a atención a proporción tan baixa de anteposición nas oracións independentes (un dos poucos contextos en que V2 é a opción máis documentada co 47%, *vid.* §2.4.1.), pero a realidade é que adoitan ser exemplos sen suxeito explícito (91,6%), con bastantes completivas CD e verbo en P1, mais tamén con CC posverbal —sobre todo de tempo e lugar— nunha décima parte dos exemplos (este dato non é secundario porque naquelas oracións independentes cun só constituínte adiantado a V, este adoita ser, precisamente, un CC).

Cómpre non esquecer que estamos diante dunha lingua de SU nulo que en tres de cada cinco exemplos no galego medieval (*cfr.* Rodríguez Guerra 2022: 147) non explicita unha función, a de SU, que de xeito non marcado optaba e opta pola posición preverbal<sup>69</sup>, e o galego medieval, que non sentía a obrigatoriedade de que o verbo ocupase a segunda posición, non tiña por que ‘encher’ sistematicamente —como de feito non o fai— ese primeiro lugar nin cos outros constituíntes argumentais (escolla pragmaticamente marcada e minoritaria no galego medieval), nin con algún constituínte periférico (polo xeral, menos marcado pragmaticamente nesa posición e, tamén nela, máis frecuente)<sup>70</sup>.

En §2.6. estudáronse os SU pre/posverbais e revisouse a súa distribución segundo parámetros varios. Se nos centramos agora nos casos de SU posposto en V1, verificamos que no 31% dos exemplos o SU é o único constituínte á dereita do verbo, mais iso implica

<sup>68</sup> A porcentaxe de anteposición/posposición nas relativas da *PN* atópase na media (29% e 71%, respectivamente). Se contrastamos este dato co extraído —nunha análise propia— do *Testamento de Afonso II* e mais do *Foral do Burgo de Caldelas*, obsérvase que no *Testamento* existe practicamente un empate, coa anteposición lixeiramente por diante (cómpre advertir que catro dos exemplos de anteposición son idénticos e con certo carácter formulario: *que no meu logar ouuer a reinar*), e no *Foral* prefírese nidiamente a anteposición con case dous terzos das ocorrencias (*vid. supra*, n. 41).

<sup>69</sup> Fiéis (2003: 322), para o portugués arcaico, ademais de sinalar que un 46% das oracións analizadas son de SU nulo (polo que fala de «uma língua de sujeito nulo com ordem básica (S)VO») e de constatar que o 79,4% dos SU son antepostos, subliña que este é tamén un argumento adicional a favor da non consideración do portugués arcaico como unha lingua V2, senón que «o sujeito em primeira posição de frase “mascara” a subida de V para C».

<sup>70</sup> Sábese que os CC manifestan peculiaridades entre os diferentes tipos, p. ex., os de modo (Porto Dapena 1993: 35-39).

que practicamente en sete de cada dez exemplos, alén do SU, hai máis constituíntes á dereita do verbo: outro constituínte máis (45,8%), outros dous (18,1%) ou tres ou máis constituíntes (5,1%), ademais do SU. Isto significa que, se temos en conta os exemplos con suxeitos pospostos (tanto en V2 coma en V≥3, e mais V1 cando existe algún outro constituínte á dereita do verbo alén do SU), verifícase que só o 41,9% dos exemplos opta por V2, V≥3 representa o 4,5% mentres que V1 (con dous ou máis constituíntes á dereita do verbo —sendo un deles o SU—) é a opción maioritaria co 53,6%. Estes últimos exemplos repártense entre todos os tipos textuais e tamén entre tipoloxías oracionais diversas, con tres de cada dez exemplos en independentes, (18a) e (18b), 27,3% en subordinadas, (18c) e (18d), coordinadas (23,8%) e bipolares (17,6%).

- (18) a. Et [forō]<sub>V1</sub> [y]<sub>CO</sub> [logo]<sub>CC</sub> [cō el]<sub>CC</sub> [todoslos rricos omes]<sub>SU</sub> (TCX 24)  
 b. Et [quebrantou]<sub>V1</sub> [Ercoles]<sub>SU</sub> [a Troya]<sub>CD</sub> [aquela vez]<sub>CC</sub> [d'esta guisa]<sub>CC</sub> (HT 14)  
 c. u lles [pareceu]<sub>V1</sub> [sen falla]<sub>CC</sub> | [Santa Locay']<sub>SU</sub> (CSM 002)  
 d. τ outro que [téén]<sub>V1</sub> [o]f ffillo]f de Pedro Fferrnandez τ Mayor Andres]<sub>SU</sub> [no Fferradal]<sub>CC</sub> (PN 1281)

A filiación do castelán medieval de *El Conde Lucanor* (século XIV) coa orde V2, moi maioritaria nesa obra a teor da súa análise<sup>71</sup>, baséaa Wolfe (2015: 148) en tres argumentos, o terceiro dos cales é a posibilidade «of object fronting with no clitic resumption». Xa nos referimos ó redobro clítico en §3. e á necesidade de estudar todo o relacionado cos pronomes persoais átonos de xeito individualizado. Nesa epígrafe §3. comprobouse cales eran as funcións que se antepoñían ó verbo e en que proporción o facían, e tamén se estudou o posible uso do redobro clítico nos casos de CD ou CI léxicos preverbais. Mais, que acontece co SU cando CD ou CI léxicos se antepoñen ó verbo? Pospóñense sistematicamente os SU como implicaría unha hipótese dos romances como linguas V2 simétricas (López Izquierdo e Castillo Lluch 2015b: 9)? Non<sup>72</sup>: con CD léxico anteposto, o 47,9% dos SU explícitos (non relativos) son preverbais e o 52,1% posverbais; con CI léxico anteposto o 67,7% dos SU antepóñense e o 32,3% pospóñense. A media de posposición do SU cando as dúas funcións —CD e CI léxicos— se antepoñen é do 47,2%. Para os casos de CO adiantado a V tamén nos movemos nuns parámetros similares: dos seus SU explícitos (sen relativos) antepóñense o 51,7% e pospóñense o 48,3%.

Os outros dous criterios empregados por Wolfe son:

—O primeiro é «a preverbal field not-specialised for subjects, but able to host constituents with a variety of grammatical functions and informational values» (2015: 148). A análise de *El Conde Lucanor* revélalle o dato de que en V2 o SU ocupa a posición preverbal no 35,3% das oracións principais (non coordinadas)

<sup>71</sup> Os resultados da posición do verbo nas oracións principais (exclúense as coordinadas) son: V1 0,84%, V2 92,21%, V3 6,74% e V4 0,21% (Wolfe 2015: 135); nas subordinadas a distribución é: V1 49,82%, V2 40,35%, V3 9,12% e V4 0,7% (Wolfe 2015: 145). A situación para a PL galega medieval é bastante distinta: V1 39,7%, V2 55,5%, V≥3 4,7% nas independentes e V1 65%, V2 32,5%, V≥3 2,5% nas subordinadas (36 e 7 puntos porcentuais menos en V2, respectivamente).

<sup>72</sup> O contrario tampouco se dá: con CD ou CI (excluídos clíticos e relativos) pospostos ó verbo o SU antepónese de media no 56,3% das ocorrencias e pospónese no 43,7% (López Izquierdo e Castillo Lluch 2015b: 9). Cos CO (sen relativos) posverbais a taxa de anteposición do SU é do 46%.

e no 59,8% das subordinadas —cun valor medio do 39,2%— (2015: 136 e 145). Na táboa 11 xa se comprobou que o SU é, nos exemplos de V2 do galego medieval, a función que aparece nun maior número de ocasións (dúas de cada cinco) anteposta ó verbo. Mais, para poder comparar o dato do galego medieval co ofrecido por Wolfe, analizamos só os exemplos de V2 en principais e subordinadas na *PL*. O resultado é: o SU é o constituínte situado diante de V no 47,9% (especificamente nas oracións independentes é un 35,5% e un 55,8% nas subordinadas), seguido polo CC co 31,7%. Certamente, alén dos problemas derivados de reducir o corpus de estudo só a unha tipoloxía textual ou a unha obra concreta<sup>73</sup>, tampouco podemos esquecer que en V<sub>≥</sub>3, tal e como reflicte a táboa 11, o SU é a segunda función en posición preverbal por detrás do CC. —En segundo termo menciona Wolfe a «widespread verb-subject ‘inversion’ when a non-subject constituent appears preverbally» (2015: 148). Mantendo os mesmos criterios de análise aplicados ó noso corpus do galego medieval sinalados no parágrafo precedente, comprobamos que en V2 da *PL*, a media de SU posverbais é do 23,9% (por un 76,1% de anteposicións). Se realizamos o cálculo nas oracións independentes a posposición sitúase no 46,4% e nas subordinadas só se detecta o 4,8% de SU posverbais (95,2% de anteposicións). Esta tendencia á posposición tampouco se detecta en V3 (pois, se o SU explícito se pospuxese a V, obteríase unha orde V2): estudando as oracións de V3 na *PL* con SU explícito, obtemos unha media de SU posverbais do 10,9% (12,5% nas independentes e nos poucos exemplos de subordinadas os SU son sempre preverbais). Do mesmo xeito que tampouco se documenta unha tendencia a converter os casos de V1 con constituíntes á dereita de V en exemplos de V2, como demostra a táboa 15.

Nun traballo posterior, Wolfe (2024) estuda textos en francés do s. xv e en veneciano do s. xiv, e reflexiona sobre o seu proceso de afastamento como linguas V2. Considera que a busca dun «single decisive factor ‘triggering’ V2 loss is in vain», defende que «to destabilise a V2 grammar» é necesaria unha «conspiracy of factors» e «these factors are found in multiple sub-components of the grammar and will vary crosslinguistically» (2024: 29). Esta explicación multifactorial pivota ó redor de factores coadxuvantes como «a higher proportion of SVO, decrease or specialisation in inversion, and an increase in certain types of V3» e, ademais da «general tendency towards base-generation» (2024: 29), sublíñase que a «information structure has a major role to play in conditioning the outcomes of syntactic change» (2024: 30). Algúns destes múltiples factores xa foron tratados aquí para o galego medieval, outros, nomeadamente de natureza discursiva<sup>74</sup>, deberémolos investigar en traballos futuros. Alén de factores como os xa apuntados, para entendermos cabalmente a posición do verbo finito no galego medieval tampouco se poden esquecer condicionantes retóricos, estilísticos e de tradición textual/discursiva (*vid.* §2.2.)<sup>75</sup>.

<sup>73</sup> P. ex., na *PR* a media dos SU antepostos en V2 supón o 50,5%.

<sup>74</sup> P. ex., distinguindo entre «discourse-OLD or NEW» a partir de criterios como «explicit mention in the preceding discourse», «syntactic indicators of deixis or anaphoricity», «set constructions» e «previous textual content or world knowledge» (Wolfe 2021: 9-10).

<sup>75</sup> *Cfr.* Batllori (2015: 85), Octavio de Toledo y Huerta (2015: 156, 176-177 e 181-182) ou Castillo Lluch (2015: 284, 301 e 303).



Dende a perspectiva denominativa, concordamos con Martins (2019: 21) cando reclama para a etiqueta V2 unha maior operatividade: se identificamos —case— sistemáticamente como V2 as linguas particulares nas cales «some V2 structures exist», con independencia da existencia nalgunhas delas de «some unequivocal non-V2 structures», corremos o risco de que «most of the world's languages would be V2 and the label would be quite empty of descriptive and typological value».

Metodoloxicamente tampouco podemos obviar que aínda que existen coincidencias nos criterios básicos, a realidade é que as análises particulares dos textos en cada investigación sempre agochan singularidades, o que sen ningunha dúbida constitúe unha pexa metodolóxica importante para a comparación e o contraste (alén de que, en ocasións, a variedade textual e o número de obras debulladas son relativamente escasas).

Ó longo desta investigación fóronse vendo, en definitiva, moitos comportamentos que afastan o galego medieval da consideración dunha lingua V2, que obrigase o verbo finito a aparecer sempre na segunda posición das oracións (principais e/ou subordinadas). Mais isto non significa, en absoluto, que se trate dunha posición infrecuente como tamén se foi constatando. Linearmente temos exemplos abondos das tres ordes absolutas básicas (V1, V2, V3) e, estruturalmente, todas tres son tamén perfectamente posibles na gramática do galego medieval e, nela, non detectamos pegadas inequívocas dunha deriva gramaticalizadora de V2 que a privilexiase por riba das demais. Certamente, o verbo finito no galego medieval ocupaba diferentes posicións absolutas na súa estrutura oracional e unha das destacadas era indubidablemente V2. Como defende Elvira (2015: 31) e como se foi debullando ó longo destas páxinas, o fenómeno V2 é consecuencia —máis ou menos (in)directa— de aspectos variados que poden acabar coadxuvando en que o número de casos de V2 nos textos analizados sexa relativamente importante. Neste sentido é innegable o papel senlleiro que, en esencia, xoga a preferencia do galego medieval por unha orde [CC]-(S)VO-[CC]. Cando dispoñamos dos datos do galego moderno poderemos enxergar con precisión a(s) evolución(s) que se puideron producir (ou non) no paso deste punto da sintaxe galega medieval á actual.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ADESSE = *Base de datos de verbos, alternancias de diátesis y esquemas sintáctico-semánticos del español*. Vigo: Universidade de Vigo. <http://adesse.uvigo.es/> [Consulta: 12/05/2023].
- ÁLVAREZ, Rosario e Xosé XOVE (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Editorial Galaxia.
- BATLLORI, Montserrat (2015): «Análisis comparativo de las construcciones de dislocación a la derecha y su incidencia en el orden de palabras del español, catalán y portugués medievales», en López Izquierdo e Castillo Lluch (2015a), p. 83-110.
- BAUER, Brigitte L. M. (1995): *The Emergence and Development of SVO Patterning in Latin and French. Diachronic and Psycholinguistic Perspectives*. New York/Oxford: Oxford University Press.
- BENINCÀ, Paola (2004): «The Left Periphery of Medieval Romance», *Studi Linguistici e Filologici Online*, 2, 2, p. 243-297.
- BILEGA = Francisco García Gondar, Ramón Mariño Paz e Carme Hermida Gulías (dirs.) (1994-): *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: CRPIH. [https://bernal.cirp.gal/ords/f?p=107:1:::":](https://bernal.cirp.gal/ords/f?p=107:1:::) [Consulta: 16/03/2024].
- CAMUS BERGARECHE, Bruno (2006): «La expresión de la negación», en Concepción Company Company (dir.), *Sintaxis histórica de la lengua española. Primera parte: La frase verbal*. México: UNAM-F.C.E., p. 1165-1246.

- CASTILLO LLUCH, Mónica (2015): «El orden de palabras en los fueros castellanos del siglo XIII», en López Izquierdo e Castillo Lluch (2015a), p. 279-318.
- CHACÓN GARCÍA, Carmen (2022): «Los límites entre el complemento de régimen y el complemento circunstancial», *Revista de Gramática Orientada a las Competencias*, 5 (1), p. 80-102.
- CiGPA = Xavier Varela Barreiro (dir.) (2004-): *Corpus informatizado Galego-Portugués Antigo*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Versión 2.1 (2007). <https://ilg.usc.gal/cgpa/> [Consulta: 12/05/2023].
- ELVIRA, Javier (2015): «¿V2 en español antiguo?», en López Izquierdo e Castillo Lluch (2015a), p. 27-47.
- FIÉIS, Maria Alexandra (2003): *Ordem de palabras, transitividade e inacusatividade: reflexão teórica e análise do português dos séculos XIII a XVI*. Lisboa: Universidade Nova de Lisboa. Tese de doutoramento.
- FONTANA, Josep M. (1993): *Phrase structure and the syntax of clitics in the history of Spanish*. Philadelphia: Univ. of Pennsylvania. Tese de doutoramento.
- FREIXEIRO MATO, Xosé Ramón (2016): «Tipos de marcadores discursivos no galego oral e escrito», *Revista Galega de Filoloxía*, 17, p. 77-118. DOI: <https://doi.org/10.17979/rgf.2016.17.0.1872>
- GARCÍA CORNEJO, Rosalía (2006): *Morfología y sintaxis de «que» en la Edad Media*. Sevilla: Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Sevilla.
- GARCÍA-MIGUEL, José María (2006): «Los complementos locativos», en Concepción Company Company (dir.), *Sintaxis histórica de la lengua española. Primera parte: La frase verbal*. México: UNAM-F.C.E., p. 1253-1336.
- GGHF = MARCHELLO-NIZIA, Christiane, Bernard COMBETTES, Sophie PRÉVOST e Tobias SCHEER (eds.) (2020): *Grande Grammaire Historique du Français*. 2 vols. Berlin/Boston: Walter de Gruyter. DOI: <https://doi.org/10.1515/9783110348194>
- Kaiser, Georg A. (2002): *Verbstellung und Verbstellungswandel in den romanischen Sprachen*. Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- LEDGEWAY, Adam (2017): «Late Latin Verb Second: The Sentential Word Order of the *Itinerarium Egeriae*», *Catalan Journal of Linguistics*, 16, p. 163-216.
- LÓPEZ GATO, Rosa M.<sup>a</sup> (1991): «A negación total ou conexional en galego medieval», en Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei (coords.), *Homenaxe ó Profesor Constantino García*, I. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, p. 269-281.
- LÓPEZ IZQUIERDO, Marta e Mónica CASTILLO LLUCH (coords.) (2015a): *El orden de palabras en la historia del español y otras lenguas iberorromances*. Madrid: Visor Libros.
- LÓPEZ IZQUIERDO, Marta e Mónica CASTILLO LLUCH (2015b): «El orden de palabras en la historia del español y en otras lenguas iberorromances: introducción», en López Izquierdo e Castillo Lluch (2015a), p. 7-26.
- MARTINS, Ana Maria (2014): «An Argument Against Verb-Second in Old Portuguese», en Alexandra Fiéis, Maria Lobo e Ana Madeira (eds.), *O Universal e o Particular: Uma vida a comparar, Homenagem a Maria Francisca Xavier*. Lisboa: Colibri, p. 207-216.
- MARTINS, Ana Maria (2019): «Against V2 as a general property of Old Romance languages», en Ingo Feldhausen, Martin Elsig, Imme Kuchenbrandt e Mareike Neuhaus (eds.), *Romance Languages and Linguistic Theory 15*. Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins, p. 9-33. DOI: <https://doi.org/10.1075/rllt.15.01mar>
- MENSCHING, Guido e Eva-Maria REMBERGER (2017): «5.3 Morfosintassi: diacronia», en Eduardo Blasco Ferrer, Peter Koch e Daniela Marzo (eds.), *Manuale di linguistica sarda*. Berlin/Boston: De Gruyter (MRL 15), p. 359-375. DOI <https://doi.org/10.1515/9783110274615-022>
- MEDEIROS, Carolina Salgado Lacerda (2015): «Ordem V2 no português arcaico: revisitando a problemática da periodização», *Labor Histórico* (Rio de Janeiro), 1, 2, p. 108-123.
- MONTEAGUDO, Henrique (2008): «Sobre a evolución da orde de constituíntes do predicado do latín ao galego. O testemuño do *Foral do Burgo de Caldelas*», en Mercedes Brea, Francisco Fernández Rei e Xosé Luís Regueira (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía*.

- Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, p. 535-550.
- MOSCOSO MATO, Eduardo M. (1997): *Desenvolvemento dos auxiliares en galego: os tempos compostos na lingua medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento.
- MOSCOSO MATO, Eduardo (2000): *Os tempos compostos no galego medieval*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela. Anexo 46 de *Verba*.
- OCTAVIO DE TOLEDO Y HUERTA, Álvaro (2015): «Futuros que se miran el ombligo: mesoclisys y anteposición de formas no personales en la historia del español», en López Izquierdo e Castillo Lluch (2015a), p. 141-233.
- PINTO, Carlos Felipe da Conceição (2011): *Ordem de palavras, movimento do verbo e efeito V2 na história do espanhol*. Campinas: Universidade Estadual de Campinas. Tese de doutoramento.
- PINTO, Carlos Felipe (2015): «Algunas observaciones sobre el efecto V2 en el español antiguo», en López Izquierdo e Castillo Lluch (2015a), p. 49-81.
- PORTO DAPENA, José-Álvaro (1993): *El complemento circunstancial*. Madrid: Arco/Libros.
- RIBEIRO, Ilza M. O. (1995): *A sintaxe da ordem no português arcaico; o efeito V2*. Campinas: Universidade Estadual de Campinas. Tese de Doutoramento.
- RIIHO, Timo (1988): *La redundancia pronominal en el iberorromance medieval*. Berlin/Boston: Max Niemeyer Verlag. <https://doi.org/10.1515/9783110945478>
- RINKE, Esther (2007): *Syntaktische Variation aus synchronischer und diachronischer Perspektive: Die Entwicklung der Wortstellung im Portugiesischen*. Frankfurt am Main: Vervuert Verlag.
- RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre (2004): «Verbo da orde relativa dos constituíntes oracionais non-clíticos do latín ó galego medieval», *Verba*, 31, p. 151-186.
- RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre (2005): «Parámetros (co)implicados na ordenación de constituíntes oracionais en latín», en Graça Maria Rio-Torto, Olívia Maria Figueiredo e Fátima Silva (coords.), *Estudos em Homenagem ao professor Doutor Mário Vilela*. Vol. I. Porto: Faculdade de Letras da Universidade do Porto, p. 51-70.
- RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre (2018): «A lingua de Martin Codax: os esquemas sintácticos», en Alexandre Rodríguez Guerra e Xosé Bieito Arias Freixedo (eds.), *O Pergamiño Vindel e Martin Codax. O esplendor da poesía galega medieval*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins Publishing Company, p. 185-219. DOI: <https://doi.org/10.1075/z.218.11rod>
- RODRÍGUEZ GUERRA, Alexandre (2022): «Os suxeitos explícitos no galego medieval», *Revista Galega de Filoloxía*, 23, p. 144-163. DOI: <https://doi.org/10.17979/rgf.2022.23.0.9378>
- RODRÍGUEZ MOLINA, Javier (2010): *La gramaticalización de los tiempos compuestos en español antiguo: cinco cambios diacrónicos*. Madrid: Universidad Autónoma de Madrid. Tese de doutoramento.
- SITARIDOU, Ioanna (2012): «A comparative study of word order in Old Romance», *Folia Linguistica*, 46, 2, p. 553-604. DOI: <https://doi.org/10.1515/flin.2012.019>
- VIKNER, Sten (1995): *Verb Movement and Expletive Subjects in the Germanic Languages*. New York / Oxford: Oxford University Press.
- WOLFE, Sam (2014): «The Old Sardinian Condaghes: a syntactic study», *Transactions of the Philological Society*, 113, 2, p. 1-29. DOI: <https://doi.org/10.1111/1467-968X.12046>
- WOLFE, Sam (2015): «The nature of Old Spanish verb second reconsidered», *Lingua*, 164, p. 132-155. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.lingua.2015.06.007>
- WOLFE, Sam (2021): «Parametric Stability and Word Order Change: The Case of Middle French», *Journal of Historical Syntax*, 5, 31, p. 1-44. DOI: <https://doi.org/10.18148/hs/2021.v5i31.108>
- WOLFE, Sam (2024): «A conspiracy theory for the loss of V2 in Romance», *Journal of Historical Syntax*, 8, 5, p. 1-42. DOI: <https://doi.org/10.18148/hs/2024.v8i5.194>